

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO  
DEPARTAMENTO  
DE LINGUAS CLÁSICAS  
CURSO 20-21

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO  
DE LINGUAS CLÁSICAS  
CURSO 20-21

# CULTURA CLÁSICA

IES DA POBRA DO CARAMIÑAL

3º CURSO DA ESO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

PARA O CURSO ACADÉMICO

2020-2021

## INTRODUCCIÓN

### 1.- PRESENTACIÓN:

#### - Presentación da área. (introdución e contextualización)

A **Cultura Clásica** no Segundo Ciclo da ESO é unha materia optativa de oferta obrigatoria en 3º e 4º cursos de ESO, cunha distribución de 2 horas semanais en terceiro e de 3 en cuarto. Trátase de alumnos totalmente descoñecidos para o profesorado que impartirá a materia polo que aínda recoñecendo os improbables esforzos realizados polas autoridades educativas para que as programacións didácticas recollan todas as casuísticas posibles para atención do alumnado e a súa avaliación sería aconsellable que ditas programacións, nestes casos, puidesen presentarse un mes ou dous tras comezar as clases. Como ben di a LOMCE: “En cada materia, os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas a quen van dirixidos” (DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25437).

A Cultura Clásica supón o primeiro achegamento sistemático, e quizais o único, ao mundo grecorromano, do que poida dispor o alumnado ao longo do seu proceso formativo. Integrada no currículo da Educación secundaria obrigatoria, compaxina o coñecemento e comprensión do mundo clásico cunha toma de conciencia da súa presenza no mundo actual. O estudo do mundo grecolatino nas áreas da cultura, a literatura, as artes e as ciencias, e o recoñecemento da súa transmisión e continuidade, será de gran importancia para tomar e ter conciencia da súa identidade.

No presente curso temos dous grupos de 3º da ESO: 3º B con 12 alumnos e 3º C con 14 alumnos, dos que 4 son de PEMAR.

**2.-** Son, pois, os seus **OBXECTIVOS** básicos:

1. Localizar nun mapa fitos xeográficos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.
2. Coñecer as características máis importantes do marco xeográfico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e Roma no momento do seu apoxeo.
3. Coñecer algúns fitos esenciais na historia de Grecia e Roma e coñecer as súas consecuencias e influencia na nosa historia.
4. Distinguir e situar nun eixe cronolóxico as principais etapas históricas de Grecia e Roma.
5. Coñecer coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, os seus trazos, atributos e ámbitos de influencia.
6. Coñecer os mitos e heroes grecolatinos de maior relevancia.
7. Coñecer as características fundamentais da arte grega e romana e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
8. Localizar nun mapa e describir os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do patrimonio español.

9. Coñecer as características dos principais sistemas políticos presentes no mundo clásico establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
10. Coñecer as características e a evolución da organización social grega e romana e a súa presenza na sociedade actual.
11. Identificar e explicar os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros.
12. Identificar as principais formas de traballo e de ocio existentes na Antigüidade.
13. Recoñecer os diferentes tipos de escritura e distinguilas entre si.
14. Distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade.
15. Coñecer a orixe común de diferentes linguas.
16. Describir a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico.
17. Identificar as linguas romances e non romances da Península Ibérica e localizalas nun mapa.
18. Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.
19. Describir algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que chegaron ata a actualidade.
20. Coñecer a presenza da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

21. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.
22. Realizar traballos de investigación sobre a presenza da civilización clásica no contorno, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.
23. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania.
24. Coñecer e comparar as características da relixiosidade grega e romana coa actualidade.
25. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións de culto privado.
26. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.

E por tanto, esta materia ten un obxectivo básico: coñecer os aspectos máis relevantes das sociedades e as culturas de Grecia e Roma e descubrir dende o mundo de hoxe o fío que nos guía ata elas. A cultura grecolatina, patrimonio común e irrenunciable, é a base necesaria dunha parte moi considerable do pensamento humano occidental, e as formas creadas polo xenio de gregos e romanos constitúen o soporte e a esencia da nosa civilización.

### **3.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

Na área de Cultura Clásica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

#### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)***

A aprendizaxe da Cultura Clásica vai contribuír ao desenvolvemento desta competencia na medida que axuda a coñecer a orixe da matemática moderna, xa que moitos dos principios e teoremas que se empregan actualmente foron desenvolvidos polos matemáticos gregos. Tamén moitas das ciencias tiveron o seu primeiro desenvolvemento na Antigüidade, como a xeografía, a zooloxía, a botánica ou a astronomía. Ademais, o coñecemento de étimos grecolatinos presentes na linguaxe matemática axuda a mellorar a comprensión de conceptos, enunciados e outros contidos científicos e matemáticos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais en torno á visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
- Coñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).



### ***Comunicación lingüística (CCL)***

A aprendizaxe da materia contribúe á adquisición e traballo desta competencia coa lectura e comprensión de fontes escritas, coa elaboración e análise de textos, coas exposicións orais sobre diversos temas, coa utilización dun vocabulario moi amplo ao ter que manexar termos que proveñen do grego e do latín principalmente. Ademais, o alumno poderá afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e para a adquisición de coñecementos.

Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado, o que nos leva a un coñecemento profundo e a adquirir con gran destreza aquilo que nos propoñemos.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
  - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
  - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
  - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- . Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para darlle un mellor uso.

### ***Competencia dixital (CD)***

Esta materia contribúe a esta competencia posto que a súa dimensión histórica e cultural favorece que o alumnado utilice as novas tecnoloxías para seleccionar de forma adecuada diversas fontes de información, analízalas e interpretalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de

xeito colaborador sobre os materiais seleccionados. Ademais, tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital e favorece o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa exposición de forma autónoma que lles permita chegar a conclusións novas e resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos.

Para iso, neste área traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar varias fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

### ***Conciencia e expresións culturais (CCEC)***

Por medio da Cultura Clásica o alumnado aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral (literatura, pintura, escultura, arquitectura, dereito, institucións políticas, historia, filosofía...); a valorar feitos culturais, como a mitoloxía ou a relixión, que forman parte da tradición da nosa civilización; a recoñecer o concepto da estética e a beleza; a ampliar a súa visión do mundo con visitas a museos e exposicións, co coñecemento doutras linguas e outras culturas, co teatro, a ópera, a música, etc. Todo iso contribúe, sen dúbida, á adquisición desta competencia.

Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Comprender a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Aprender a apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

### ***Competencias sociais e cívicas (CSC)***

Esta competencia adquirese ao entender a civilización grega e romana como creadoras dos dereitos e deberes dos individuos e os grupos e dos mecanismos que aseguran a súa participación na vida pública. O estudo desta materia desenvolve no alumnado actitudes de cidadáns activos e comprometidos mediante a comprensión do noso pasado, o estudo da configuración social e política, os acontecementos máis destacados da súa historia, o seu concepto de ocio e de traballo e a influencia que todo iso tivo na configuración da sociedade actual en todas as súas dimensións. A tolerancia, a capacidade de respectar as diferenzas e o diálogo como base dos acordos son algunhas das destrezas que o alumnado tamén adquire grazas ao papel mediador de Grecia e de Roma.

Os descritores que adestraremos son os seguintes:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza que supón a diversidade de opinións e ideas.

- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Respetar os distintos ritmos e potencialidades.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)***

Esta materia contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. A exposición de traballos individuais ou en grupo e a realización de debates implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, e non se render ante as dificultades. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Dar prioridade á consecución de obxectivos de grupo fronte a intereses persoais.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

### ***Aprender a aprender (CAA)***

O estudo desta materia contribúe a que o alumno sexa consciente de que ao longo da historia da humanidade o home sempre estivo a aprender e baseou a aprendizaxe nos coñecementos anteriores. Esta competencia supón ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e saber prever e adaptarse aos cambios que se producen cunha actitude positiva.

Os descritores que adestraremos son:

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

#### **4.- ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.**

Os contidos da área de Cultura Clásica agrúpanse en varios bloques. Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe fórmulanse para a ESO.

A materia de Cultura Clásica ten como finalidade facilitar ao alumnado un primeiro achegamento xeral ao estudo das civilizacións grega e romana nos ámbitos literario, artístico, filosófico, histórico, social, científico e lingüístico, co obxecto de que poida tomar conciencia da pervivencia, influencia e presenza de moitos destes aspectos na cultura occidental, mellorando deste modo a súa comprensión do que constitúe a súa identidade cultural e das diversas manifestacións que a definen.

##### **4.a.- CONTIDOS**

###### **Bloque 1. Xeografía**

1. Grecia: marco xeográfico.
2. Roma: marco xeográfico.

###### **Bloque 2. Historia**

1. Marco histórico: as orixes.
2. Períodos da historia.
3. Romanización de Hispania.

###### **Bloque 3. Mitoloxía**

1. Mitos gregos romanos: deuses e heroes.
2. Relixión en Grecia e Roma.

#### **Bloque 4. Arte**

1. A arte grega e romana: pervivencia dos modelos clásicos no mundo actual.
- 2 Arte grecolatina no noso país.

#### **Bloque 5. Sociedade e vida cotiá**

1. Sistemas políticos:
  - As poleis *gregas*: aristocracia e democracia.
  - A República romana e o Imperio.
2. Principais grupos sociais.
3. A familia.
4. O traballo e o ocio: os oficios, a ciencia e a técnica.
  - Festas e espectáculos.

#### **Bloque 6. Lingua/léxico**

1. As orixes da escritura.
2. Orixes dos alfabetos.
3. Orixe común do grego e o latín: o indoeuropeo.
4. As linguas romances.
5. Pervivencia de elementos lingüísticos grecolatinos.
6. Literatura grecolatina: pervivencia nas literaturas actuais.

#### **Bloque 7. Pervivencia na actualidade**

1. Presenza da civilización clásica no mundo actual.

#### **4.b.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.**

##### **Bloque 1. Xeografía**

1. Localizar nun mapa fitos xeográficos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.

1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúan o momento de apoxeo das civilizacións grega e romana, delimitando o ámbito de influencia de cada unha delas e situando con relativa precisión os puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos máis coñecidos pola súa relevancia histórica.

2. Identificar e describir a grandes trazos o marco xeográfico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e de Roma no momento do seu apoxeo.

2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes para comprender as circunstancias que deron lugar ao apoxeo das civilizacións grega e romana e explica os factores principais que xustifican esta relevancia.

##### **Bloque 2. Historia**

1. Identificar algúns fitos esenciais na historia de Grecia e de Roma e coñecer as súas repercusións.

1.1. Describe os principais fitos da historia de Grecia e de Roma, identificando as circunstancias que os orixinan, os principais actores e as súas consecuencias, e mostrando con exemplos a súa influencia na nosa historia.

2. Identificar e describir o marco histórico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e de Roma.

2.1. Distingue, a grandes trazos, as diferentes etapas da historia de Grecia e de Roma, nomeando os principais fitos asociados cada unha delas.

2.2. Establece relacións entre determinados fitos da historia de Grecia e de Roma e outros asociados a outras culturas.

2.3. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico no que se desenvolveron as civilizacións grega e romana, identificando as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións anteriores e posteriores.

3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania.

3.1. Explica a romanización de Hispania, describindo as súas causas e delimitando as súas distintas fases.



3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso de romanización de Hispania, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.

### **Bloque 3. Mitoloxía**

1. Coñecer os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina.

1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.

2. Coñecer os mitos e heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e heroes antigos e os actuais.
  - 2.1. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da Antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.
  - 2.2. Compara os heroes da mitoloxía clásica cos actuais, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre uns e outros e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.
  - 2.3. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai delas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.
3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e a relixión grega coas actuais.
  - 3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, poñéndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións coas manifestacións relixiosas propias doutras culturas.
4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.
  - 4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lle son propios.

#### **Bloque 4. Arte**

1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
  - 1.1. Recoñece en imaxes as características esenciais da arquitectura grega e romana identificando razoadamente mediante elementos visibles a orde arquitectónica á que pertencen os monumentos máis significativos.
  - 1.2. Recoñece en imaxes as esculturas gregas e romanas máis célebres encadrándoas nun período histórico e identificando nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.
  - 1.3. Describe as características e explica a función das principais obras arquitectónicas da arte grega (templos e teatros), ilustrando con exemplos a súa influencia en modelos posteriores.
2. Coñecer algúns dos monumentos clásicos máis importantes do patrimonio español.
  - 2.1. Localiza nun mapa e describe os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do patrimonio español, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.

### **Bloque 5. Sociedade e vida cotiá**

1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
  - 1.1. Nomea os principais sistemas políticos da Antigüidade clásica describindo, dentro de cada un deles, a forma de distribución e exercicio do poder, as institucións existentes, o papel que estas desempeñaban e os mecanismos de participación política.
2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e en Roma e a súa pervivencia na sociedade actual.
  - 2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.
3. Coñecer a composición da familia e os roles asignados aos seus membros.
  - 3.1. Identifica e explica os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.
4. Identificar as principais formas de traballo e de ocio existentes na Antigüidade.
  - 4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.
  - 4.2. Describe as principais formas de ocio das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.
    - 4.3. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época.

### **Bloque 6. Lingua/Léxico**

1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura e distinguilas entre si.
  - 1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura, clasificándoos conforme á súa natureza, e explicando algún dos trazos que distinguen a uns doutros.
  2. Distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade.
    - 2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras.
  3. Coñecer a orixe común de diferentes linguas.

- 3.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.
4. Comprender a orixe común das linguas romances.
  - 4.1. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian de xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.
5. Identificar as linguas romances e non romances da Península Ibérica e localizalas nun mapa.
  - 5.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciándoas pola súa orixe en romances e non romances, e delimitando nun mapa as zonas nas que se utilizan.
6. Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.
  - 6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, explicando o seu significado a partir do termo de orixe.
  - 6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e a análise etimolóxica das súas partes.
  - 6.3. Pode definir algúns termos científico-técnicos de orixe grecolatina partindo do significado das palabras latinas ou gregas das que proceden.
7. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.
  - 7.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.
8. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.
  - 8.1. Nomea os autores máis representativos da literatura grecolatina, encadrándoos no seu período histórico e citando as súas obras máis coñecidas.

### **Bloque 7. Pervivencia na actualidade**

1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.
  - 1.1 Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatinas que chegaron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e outra época mediante exemplos.
2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.
  - 2.1. Demostra a permanencia da mitoloxía e os temas lendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.

3. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización occidental dos nosos días.
  - 3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e nas tradicións do noso país.
4. Realizar traballos de investigación sobre a permanencia da civilización clásica no contorno, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.
  - 4.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para solicitar información e realizar traballos de investigación sobre a presenza da civilización clásica na nosa cultura.



Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Xeografía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
Bloque 2. Historia				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>



Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 3. Mitoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. O panteón grego e romano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>l</li> <li>ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Relixión grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CMCCT</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Relixión romana: culto público e privado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CMCCT</li> <li>CCEC</li> </ul>
Bloque 4. Arte				
<ul style="list-style-type: none"> <li>l</li> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Fundamentos da arte clásica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CCEC</li> </ul>

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>l</li> <li>ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CD</li> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> </ul>
Bloque 5. Sociedade e vida cotiá				

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ a	▪ B5.1. Organización política en Grecia e en Roma.	▪ B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.	▪ CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.	▪ CSC ▪ CCL
▪ g ▪ h ▪ ñ	▪ B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais.	▪ B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	▪ CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.  ▪ CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.	▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL  ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCL
▪ c ▪ ñ	▪ B5.3. A familia en Grecia e Roma.	▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	▪ CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.	▪ CSC ▪ CCL
▪ m	▪ B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.	▪ B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	▪ CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.	▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CCL

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 6. Lingua e literatura				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.4.2. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.4. As linguas romances.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCA</li> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> <li>l</li> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCA</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>h</li> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCA</li> </ul>

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.	
▪ I	▪ B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	▪ B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.	▪ CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.	▪ CCEC ▪ CCL ▪ CCA
▪ I	▪ B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	▪ B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	▪ CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.	▪ CCEC ▪ CCL
▪ Bloque 7. Pervivencia na actualidade				
▪ I ▪ n ▪ ñ	▪ B.7.1. Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.	▪ B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	▪ CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.	▪ CCL ▪ CAA
▪ I ▪ n ▪ ñ	▪ B7.2. Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.	▪ B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.	▪ CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.	▪ CAA ▪ CCEC
▪ I ▪ ñ	▪ B7.3. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.	▪ B7.3. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	▪ CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.	▪ CCL ▪ CSC



Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

#### 4.c.- TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES

Tentaremos impartir 4 unidades por trimestre. Se non fose posible, daremos prioridade aos contidos mínimos.

##### UNIDADE 1

1. As linguas do mundo.
2. As linguas que falamos no noso país.
3. Os distintos soportes e sistemas de escritura.
4. A historia do alfabeto.
5. O alfabeto grego e o alfabeto latino.

##### UNIDADE 2

1. A xeografía de Grecia.
2. A xeografía de Roma e Italia.

3. A historia de Grecia.

4. A historia de Roma.

#### UNIDADE 3

1. As clases sociais.

2. Os sistemas de goberno.

3. As institucións para a paz.

4. As institucións para a guerra.

5. Relixión e sociedade. Os deuses gregos.

#### UNIDADE 4

1. As clases sociais.

2. O goberno.

3. As institucións para a paz. *O cursus honorum*.

4. As institucións para a guerra.

#### UNIDADE 5

1. A cidade grega. Atenas.

2. A Acrópole de Atenas.

3. A cidade romana. Roma.

4. O foro romano.

5. A casa grega e a romana.

#### UNIDADE 6

1. O nacemento en Grecia e en Roma
2. A educación en Grecia.
3. A educación en Roma.
4. As mulleres.
5. Os anciáns e a morte.

#### UNIDADE 7

1. A organización do tempo.
2. A xornada de gregos e romanos.
3. Os costumes culinarios.
4. A indumentaria e a estética.

#### UNIDADE 8

1. A relixión na Antigüidade.
2. O panteón grecorromano.
3. Cultos e rituais en Grecia.
4. Cultos e rituais romanos.

#### UNIDADE 9

1. As competicións deportivas en Grecia.
2. Os Xogos Olímpicos.
3. As probas olímpicas.
4. Os *ludi circenses*.
5. As loitas no anfiteatro

#### UNIDADE 10

1. A arquitectura.
2. A escultura.
3. A pintura e o mosaico.

#### UNIDADE 11

1. A épica.
2. A lírica.
3. O teatro. A traxedia.
4. A comedia.
5. A prosa.

#### UNIDADE 12

1. A conquista de Hispania.
2. A romanización.
3. A economía hispana.

#### 4. Monumentos da Hispania romana.

#### 4.d.- Grao mínimo de consecución para superar a materia.

<b>4.d.- Grao mínimo de consecución para superar a materia de 3º de Cultura Clásica</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
BLOQUE 1: Identificar e describir a grandes trazos o marco xeográfico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e de Roma no momento do seu apoxeo.	Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes para comprender as circunstancias que deron lugar ao apoxeo das civilizacións grega e romana e explica os factores principais que xustifican esta relevancia.
BLOQUE 2: Identificar e describir o marco histórico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e de Roma. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania.	Distingue, a grandes trazos, as diferentes etapas da historia de Grecia e de Roma, nomeando os principais fitos asociados cada unha delas. Explica a romanización de Hispania, describindo as súas causas.
BLOQUE 3: Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.
BLOQUE 4: Coñecer as características fundamentais da arte clásica.	Recoñece en imaxes as características esenciais da arquitectura grega e romana e reecoñece en imaxes as esculturas gregas e romanas máis célebres.
BLOQUE 5: Coñecer a sociedade, a familia e as principais formas de traballo e de ocio no mundo gregolatino.	Explica os principais sistemas políticos, a función de cada membro familiar e identifica e describe formas de traballo da Antigüidade.
BLOQUE 6: Coñecer a orixe común de diferentes linguas. Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina.	Enumera as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas e identifica as linguas que se falan en España, clasificándoas en romances e non romances. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico
BLOQUE 7: Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatinas que chegaron ata a actualidade,

## **5.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Neste curso preténdese que o alumno aprenda a aprender.

- a) Levarase a cabo, en cada avaliación, unha proba escrita, como mínimo. A dita proba consistirá principalmente en preguntas breves relacionados cos contidos teóricos desenvolvidos na clase (mediante preguntas de resposta breve ou tipo test), e a realización de probas prácticas relacionadas cos contidos, tanto cos desenvolvidos na clase como nos que foron produto de investigación fóra da aula e os debatidos na aula (manexo de mapas, manexo das TICS, formación de léxico relacionado, redacción...)**
- b) En cada avaliación haberá tamén un traballo a realizar fóra da aula. Este traballo terá relación cos contidos de cada unidade, e estará encamiñado a potenciar e/ou reforzar o carácter investigador do alumno, así como a súa capacidade de traballo e interese pola materia. Asemade, tamén se realizarán, por parte do alumnado, pequenos traballos de procura e manexo de información, e redacción de resultados sobre propostas feitas na clase.**
- c) Tamén haberá varias probas orais relacionadas co traballo na aula. Farase fincapé na lectura en voz alta na clase.**
- d) Proporase unha lectura voluntaria para que o alumnado realice fóra da aula.**
- e) Tamén contará para a nota a actitude e conducta na clase, partindo dun total respecto ao profesor e aos compañeiros.**

## **6.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

**A nota en cada avaliación viría dada nas seguintes porcentaxes:**

**1) Un 60 % para as probas escritas (apartado –a), un 20 % para o traballo fóra da aula (apartado b) e un un 20% do comportamento e actitude dentro da aula . Para facer as porcentaxes, é preciso ter como mínimo un 3 na proba escrita.**

**2) A nota final calcularase facendo unha media ponderada das notas das tres avaliacións, facendo o seguinte cálculo: a primeira multiplica por 1, a segunda multiplica por 2, a terceira multiplica por 3. O resultado final da suma dos tres produtos divídese entre 6**

Se houberse perda de avaliación continua de algún alumno, será avaliado como na convocatoria extraordinaria.

**3) Na convocatoria extraordinaria tan so haberá unha proba de coñecementos de 10 preguntas, sendo o valor de cada unha de 1 punto máximo. O alumno deberá de obter para aprobar unha cualificación mínima de 5 puntos.**



## 7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

1. Libro de Texto: ESO CULTURA CLÁSICA de ANAYA.
2. Facilitaráselle fotopias ao alumnado nas que poidan desenvolver as distintas unidades, se non dispoñen de texto.
3. Filmografía relativa ao mundo grecorromano
4. Recursos da web.
5. Google maps para coñecer as cidades e zonas que hai que estudar nas unidades.
6. Lecturas . Son orientativas e poderían variar segundo criterio da profesora.

ANNAUD, Margot: *La mitología Clásica*.

LILLO REDONET, Fernando: *Noches romanas*.

PARISI, Melania: *La mitología clásica*.

## **8.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS RESULTADOS**

En principio, os alumnos que entran en cultura clásica non teñen coñecementos previos. Xa que logo, non hai unha avaliación inicial específica pois os resultados serían negativos. Dita proba estará centrada en aspectos de expresión escrita e en algunha etimoloxía explicada nas primeiras semanas. Algunha das cuestións da proba van estar elaboradas para que o alumno demostre a capacidade de comprensión dun texto, a atención prestada na aula e o nivel de comprensión oral (pois haberá unha breve explicación previa), así como a capacidade para relacionar ideas.

Os resultados serán utilizados para reforzar determinadas carencias, como corresponde a un alumno de 3º da ESO.

## **9.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Repaso das nocións vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das dificultades detectadas.

- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que sexa posible, mediante as semellanzas ou pervivencia dos mesmos no castelán e no galego.
- Realización de exercicios axeitados, para afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- Coa finalidade de atender a aqueles alumnos que teñan problemas na asimilación de contidos, prepararanse exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais pediráselles a realización de breves lecturas, así como esquemas das mesmas. Mentres se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos que teñan alcanzado satisfactoriamente os contidos propostos levarán a cabo tarefas como a realización de pequenos traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionados co tema, mediante dicionarios ou textos propostos.

No caso de que haxa alumnos con necesidades moi específicas solicitarase do Departamento de Orientación as pautas a seguir con devandito alumnado, como os 4 alumnos de PEMAR de 3º C.

## 10. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

O tratamento dos temas transversais pretenden conseguir que o alumnado desenvolva actitudes persoais activas e críticas que lle axuden a construír formas de vida e sistemas de comportamento social xusto e democrático. O tratamento das distintas materias do grego ha de permitir, por comparación cos sistemas sociais vixentes en Grecia, a construción de actitudes persoais que garantan a integración do alumnado no sistema social actual.

**Educación cívica:** Grecia será o berce do concepto de Democracia e en xeral da participación do cidadán no goberno do Estado. Roma a súa culminación durante a República. Comparando o sistema clásico co actual tomarase conciencia da conveniencia, liberdade e o valor do mantemento da paz.

**Educación para a paz:** Ó contemplar a historia de Grecia pódese pensar que se pasaban a vida loitando. Do enfrontamento dos pobos gregos e romanos e da imposición dun pobo e unha cultura a outra, extraerán a conclusión de que a guerra non é un medio de resolución de conflitos.

**Educación para a igualdade de oportunidades e educación social:** A situación particular da escravitude no mundo grecolatino así como a situación social da muller ofrecen un marco de comparación coa situación da muller na sociedade actual e a utilización da forza.

**Tratamento da diversidade lingüística e cultural:** Os gregos recoñecían como gregos a aqueles que falaban a lingua grega e os seus dialectos e consideraban bárbaros ós que non a entendían; os romanos chegaron a ter como segunda lingua culta o grego -bilingüismo- esta situación permite a comparación coa situación plurilingüe de España e da Comunidade Europea. De aquí aprenderase que a igualdade e unidade entre persoas está por enriba da lingua e da comunidade racial á que pertencen.

**Educación para a saúde, o consumo responsable e a pobreza:** a medicina grecolatina, a vida fundamentalmente rural, a importancia do exercicio físico, son escusas idóneas para o tratamento da educación para a saúde, a educación medioambiental e o consumo responsable.

**Educación para a igualdade entre sexos:** Recoñeceranse en textos clásicos e actuais circunstancias nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo, aproveitando para reflexionar e opinar sobre as situacións observadas e tratando de aportar posibles solucións para evitar a discriminación. En consecuencia reflexionarase sobre o compromiso de evitar, en calquera situación comunicativa, formas, termos e expresións que denoten discriminación de carácter sexual.

## **11. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

O profesor apuntará todos os días de clase o que ten pensado impartir e logo o que realmente impartiu (variacións realizadas nas actividades, problemas de tempo, oportunidades especiais,...) destacando os motivos para a realización das variacións. Estas anotacións, unidas a recollida de información dos participantes no proceso de ensino-aprendizaxe conducirán a obtención de conclusións construtivas que permitan valorar dende diferentes ópticas a programación didáctica e a súa aplicación. Para a análise da programación, verificaremos os seguintes indicadores para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente:

## 12.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Indicadores de logro do proceso de ensino	Escala			
	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

<b>Indicadores de logro da práctica docente</b>	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				

10. Préstase atención os elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.				
12. Analízanse/coméntanse co alumnado a corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar/comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

### **13.- Concreción metodolóxica que require a materia.**

A sociedade actual, na que se insire o noso alumnado, require unha gran capacidade de selección, asimilación, comprensión... á hora de enfrontarse a todo tipo de información. Por este motivo, este departamento pretende achegar o alumnado ao manexo de diversos soportes – tradicionais, audiovisuais, informáticos, virtuais...-; empregar diferentes fontes á hora de enfrontalo á tarefa de busca, selección, análise, creación, interpretación da información, así como desenvolver a capacidade crítica con respecto a ela entre os alumnos e alumnas.

Por todo isto e partindo da competencia inicial do alumnado, así como atendendo e respectando a diversidade e os ritmos de traballo deste, potenciaremos unha metodoloxía activa, na que o traballo individual e cooperativo será fundamental. Neste departamento haberá proxectos que terán unha maior ou menor duración e fomentarán a participación activa do alumnado, intercalando actividades do libro de texto Editorial Anaya.

Algunhas das estratexias metodolóxicas a seguir serán:

-As bibliotecas ( aula, centro, local, virtuais...) serán un recurso importante á hora de programar as nosas actividades docentes e serán fontes de consulta para eles e elas.

- Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. Busca guiada desta, tanto na biblioteca como na internet ou noutros medios, composición de textos utilizando distintos soportes...

-Propiciar non só actividades individuais, senón tamén en grupo, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.

- Lectura, interpretación de obras literarias. -Creación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.



- Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.

Nomeamos outras actividades que se levarán a cabo: - Utilizar mapas e elaboralos, así como outros soportes para situar e identificar a nosa lingua dentro dese grande universo das “linguas”.

-Proxección de vídeos útiles para a materia. Traballo posterior e anterior á súa proxección.

-Dramatizar textos literarios.

#### **14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Debido ao protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 dos centros educativos, este curso non será posible organizar actividades complementarias nin extraescolares.

#### **15.- ENSINO SEMIPRESENCIAL E /OU NON PRESENCIAL.**

Ao abeiro do establecido no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, no caso de suspensión da actividade lectiva parcial ou total faremos uso da aula virtual do IES, así como do correo corporativo e as aplicacións e plataformas necesarias para levar a cabo un desenvolvemento o máis activo posible da materia.

Establecerase un horario fixo de atención ao alumnado, aínda que será prioritario o establecido polo propio centro.

Para a entrega de tarefas e probas na rede, non serán admitidas fóra de prazo e polo tanto serán puntuadas coa cualificación de 0.

No caso de haber un evidente plaxio, o alumno será proposto para a realización dunha proba obxectiva nun horario concreto, que demostre a autoría propia e o grao de asimilación dos coñecementos previstos para dita proba ou tarefa.



## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### LATÍN 4º ESO

IES DA POBRA DO CARAMIÑAL

CURSO 2020 – 2021

ÍNDICE

:

1. Consideracións previas (páx.2)
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave (páx.3).
3. Obxectivos (páx.6)
4. Relación dos estándares avaliados e as competencias. (páx.9)
5. Concrecións metodolóxicas (páx.24).
6. Materiais e recursos didácticos (páx.25).
7. Criterios de cualificación e promoción do alumnado (páx.25).
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docentes.  
(páx.27)
9. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes  
(páx.28)
10. Procedemento para realización da avaliación inicial e medidas individuais ou  
colectivas segundo os resultados (páx.28).
11. Medidas de atención á diversidade (páx.28).
12. Elementos transversais e educación en valores. (páx.29)
13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas  
en relación cos resultados académicos e procesos de mellora (páx.30).
14. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (páx. 31).
15. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (páx. 32).
16. Ensino semipresencial e/ou non presencial (páx. 33).

### 1. Consideracións previas. Contextualización.

A normativa deixa claro que a finalidade do Latín na etapa da ESO é a de introducir ao alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé no papel que estas desempeñan como fundamento e orixe da cultura occidental.

Debido principalmente á posibilidade de atoparnos con alumnado que non cursara previamente a materia de Cultura Clásica, parece convinte introducir, ao longo do desenvolvemento dos contidos da materia, elementos referidos á lingua grega, especialmente os relativos á formación de palabras (lexemas de orixe grega) e mecanismos de composición e derivación (prefixos e sufixos a partir de étimos gregos). Por outra banda, para potenciar o hábito lector, insistirase na aula, na lectura en voz alta, tanto de textos latinos, como dos temas relacionados coa cultura e sociedade.

Neste curso contamos cun número de nove alumnos, o cal permite facer un seguimento personalizado da evolución de cada alumno.

Este curso temos un grupo de 8 alumnos, dos que só dous tiveron a materia de Cultura Clásica o curso anterior.

### 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

<b>(CCL).</b> Competencia Lingüística	É a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa
---------------------------------------	--

	<p>que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias, e axudará a reforzar os coñecementos que po alumnado posúe do resto das lingua coas que ten contacto na súa formación</p>
<p><b>(CMCCT).</b> Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</p>	<p>Poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana ou no cómputo do tempo.</p>
<p><b>(CD).</b> Competencia dixital</p>	<p>Deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.</p>
<p><b>(CAA).</b> Aprender a aprender</p>	<p>O labor de análise morfosintáctica e tradución constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual e, ao mesmo tempo estimula a memoria, a</p>

	<p>lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento.</p>
<p><b>(CSC).</b> Competencias sociais e cívicas</p>	<p>Poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade</p>
<p><b>(CSIEE).</b> Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</p>	<p>Aproveitarase a metodoloxía do latín, tanto en contidos lingüísticos como sociais, para fortalecer a capacidade e espírito de traballo, tanto en grupo como individual, e, asemade, deixar espazo á creatividade e á imaxinación</p>
<p><b>(CCEC).</b> Conciencia e expresións culturais</p>	<p>Está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais e artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons</p>

	estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico
--	--

### 3. Obxectivos

#### 3.1. Obxectivos xerais de etapa

A ensinanza secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.



d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galiza, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial as pertencentes á comunidade lusófona.

### **3.2 Obxectivos específicos da materia**

Os obxectivos da materia de Latín de 4º de ESO enmárcanse baixo dous obxectivos primordiais: iniciar un estudio básico da lingua latina e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romana e a súa relación co mundo actual, de xeito que a materia contribúa a adquisición das competencias básicas (lingüística, social, artística, literaria).

Trátase ademais de que o estudio do latín nesta etapa asente os fundamentos para o estudio das humanidades ou as ciencias sociais no bacharelato.

Os obxectivos que se pretenden alcanzar son:

1. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do Latín para a análise e a tradución de textos sinxelos.
2. Coñecer os paradigmas de declinación e conxugación regular.
3. Tradución de textos sinxelos orixinais ou non para desprezar os mecanismos de estruturación mental que confirmen a firmeza dos coñecementos lingüísticos.
4. Lectura comprensiva de textos latinos traducidos para mellorar a expresión oral e escrita do alumnado ao tempo que adquire unha bagaxe cultural relacionada con diversos temas da antigüidade.
5. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar as trazas comúns e a diversidade lingüística dos pobos de Europa.
6. Identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latina en diferentes contextos lingüísticos.

7. Coñecer os aspectos relevantes da cultura e civilización romanas, tanto da vida privada coma da pública, así como da relixión, mitoloxía e arte.
8. Coñecer os xéneros literarios latinos e os seus principais representantes.
9. Coñecemento do papel de Roma na historia de Occidente, con especial énfase no coñecemento do patrimonio arqueolóxico, artístico e literario en Galicia.

#### 4: Relación dos estándares avaliados e as competencias

a) Grao mínimo de consecución

Latín 4ª da ESO

#### **Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances**

Obxectivos: f, ñ, o

Contidos: B1.1 **Marco xeográfico da lingua.**

Criterios de avaliación: B1.1 Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.

Estándares de aprendizaxe: LAB1.1.1 Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos recoñecidos pola súa relevancia histórica.

Competencias clave: CMCCT, CCEC, CAA, CD, CSC.

Obxectivos: e, ñ, o, l.

Contidos: B1.2. **O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.**

Criterios de avaliación: B1.2 Identificar o indoeuropeo como lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.

B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa

Estándares de aprendizaxe: LAB 1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias. / LAB 1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa e delimita as zonas onde se utilizan.

Grao mínimo de consecución: **Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas de Europa e sinálaas nun mapa**

Competencias clave: CD, CAA, CMCCT, CSC.

Obxectivos: l, ñ, o

Contidos: B1.3. **Linguas de España: linguas romances e non romances.**

Criterios de avaliación: Coñecer a orixe das linguas faladas en España, clasificalas e sinalalas nun mapa,

Estándares de aprendizaxe: Coñece a orixe das linguas faladas en España, clasifícaas e sinálaas nun mapa.

Grao mínimo de consecución: Identifica **as linguas romances de España e Europa e sinálaas nun mapa.**

Competencias clave: CSC, CAA, CD.

Obxectivos: f, ñ, o

Contidos: **Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.**

Criterios de avaliación: Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos

Estándares de aprendizaxe: Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.

Grao mínimo de consecución: **Diferencia entre palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos,**

Competencias clave: CCL, CAA

Obxectivos: b, ñ, o

Contidos: **Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.**

Criterios de avaliación: Coñecer e aplicar as nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.

Estándares de aprendizaxe: Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.

Competencias clave: CCL, CAA.

## **Bloque 2. Sistema da lingua latina. Elementos básicos.**

Obxectivos: e.

Contidos: B2.1. **Orixes da escritura. Sistemas de escritura.**

### **B2.2. Orixes do alfabeto latino.**

Criterios de avaliación: B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura.

B2.2 Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.

Estándares de aprendizaxe:

LAB2.1.1 Recoñece os diferentes tipos de escritura e clasifícaos segundo a súa natureza.

LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino.

Recoñece os distintos tipos de alfabetos usados en Europa e relaciónaos coas linguas nos que se empregan,

Competencias clave: CAA, CD.

Obxectivos: h

Contidos: B2.3. **A pronuncia do latín.**

Criterios de avaliación: B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas de pronuncia do latín.

Estándares de aprendizaxe: Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.

Grao mínimo de consecución: **Ler en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.**

Competencias clave: CD, CCEC

### **Bloque 3. Morfoloxía**

Obxectivos: b

Contidos: B.3.1. **Formantes das palabras.**

Criterios de avaliación: B.3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.

Estándares de aprendizaxe: L AB.3.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando morfemas e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.

Competencias clave: CMCCT, CCL.

Obxectivos: b

Contidos: B3.2. Tipos de palabras. Variables e invariables

Criterios de avaliación: LAB3.2. Distinguir e clasificar os tipos de palabras.

Estándares de aprendizaxe: Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos de identificación e define os criterios de clasificación.

Grao mínimo de consecución: **Distinguir entre palabras variables e invariables**

Competencias clave: CAA, CC

Obxectivos: e, b.

Contidos: B3.3. **Concepto de declinación e conxugación.**

Criterios de avaliación: B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.

Estándares de aprendizaxe: LAB3.3. Define o concepto de declinación e conxugación.

Grao mínimo de consecución: **Define o concepto de declinación e conxugación.**

Competencias clave: CAA, CCL.

Obxectivos: b

Contidos: B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.

Criterios de avaliación: B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.

Estándares de aprendizaxe: LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.

LAB3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.

Grao mínimo de consecución: **Coñece o enunciado de substantivos, adxectivos e pronomes. Declina palabras e sintagmas en concordancia.**

Competencias clave: CCL, CAA

Obxectivos: b, e

Contidos: B3.5. **Flexión verbal.**

Criterios de avaliación: B3.5. Coñecer as conjugacións, encadrar os verbos dentro da súa conjugación, enuncialos e conxugalos correctamente.

Estándares de aprendizaxe: LAB3.5.1. Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado.

LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dun verbo regular,

Grao mínimo de consecución: **Coñece os verbos pola súa conjugación.**

**Identifica as formas que compoñen o enunciado dun verbo regular,**

Competencias clave: CAA, CCL

Obxectivos: e, b, h, ñ, o.

Contidos: B3.5. **Flexión verbal**

Criterios de avaliación: B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.

Estándares de aprendizaxe: LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto de tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo

LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.

LAB3.6.3. Identifica as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.

LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.

Grao mínimo de consecución:

- **Coñece as formas verbais do modo indicativo.**
- **Identifica o infinitivo de presente activo.**
- **Traduce correctamente as formas verbais dadas.**

Competencias clave: CAA, CCL, CD.

#### **Bloque 4. Sintaxe**

Obxectivos: f

Contidos: B4.1. **Elementos da oración.**

Criterios de avaliación: B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.

Estándares de aprendizaxe: LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.

Grao mínimo de consecución: **Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados.**

Competencias clave: CMCCT

Obxectivos: h.

Contidos: B4.2. **Casos latinos.**

Criterios de avaliación: B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna correctamente,

Estándares de aprendizaxe: LAB4..2.1. Enumera os casos latinos e identifica as funcións que realizan dentro da oración.

LAB4.2.2. Traduce os casos á lingua materna correctamente,.



Grao mínimo de consecución:

- **Coñece os nomes dos casos e a súa función**
- **Traduce correctamente os casos latinos.**

Competencias clave: CAA, CCL

Obxectivos: e.

Contidos: B4.3. **Concordancia.**

Criterios de avaliación: B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia ao galego e ao castelán.

Estándares de aprendizaxe: LAB4.3.3 Recoñece nos textos as regras de concordancia na lingua latina e redacta frase onde practicar o seu uso,

Grao mínimo de consecución: **Aplica as regras de concordancia en pequenas frases.**

Competencias clave: CCL

Obxectivos: b

Contidos: B4.4. **A oración simple: oracións atributivas e predicativas.**

Criterios de avaliación: B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.

Estándares de aprendizaxe: LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples e identifica as súas características.

Grao mínimo de consecución: **Coñece os distintos tipos de oracións simples.**

Competencias clave: CMCCT, CCA, CCL.

Obxectivos: e.

Contidos: B4.5. Oración composta: oracións coordinadas

Criterios de avaliación: B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.

Estándares de aprendizaxe: Compara e clasifica tipos de oracións compostas e diferéncias das oracións simples.

Grao mínimo de consecución: **Coñece a oración composta.**

Competencias clave: CAA, CMCCT, CCL

Obxectivos: h

Contidos: B4.6. **Construcións de infinitivo e participio máis transparentes.**

Criterios de avaliación: B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.

Estándares de aprendizaxe: . Recoñece e traduce, dentro de textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.

Competencias clave: CCL

### **Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización.**

Obxectivos: a, f, e, ñ.

Contidos: B5.1. **Períodos da historia de Roma.**

Criterios de avaliación: B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixos cronolóxicos.

Estándares de aprendizaxe: LAB B5.1.1. Distingue os feitos das etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais.

LAB B5.1.2. Saber enmarcar determinados fitos históricos no período correspondente.

LAB B5.1.3. Poder elaborar eixos cronolóxicos nos que se representen fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información

LAB B5.1.4. Describe algún dos principais fitos da civilización latina.

Grao mínimo de consecución:

- **Coñece as etapas da historia de Roma-**

- **Coñece algún dos principais fitos históricos da civilización latina,**

Competencias clave: CSC, CSIEE, CD, CAA, CCEC, CMCCT, CCL.

Obxectivos: a, ñ.

Contidos: B5.2. **Organización política e social de Roma.**

Criterios de avaliación: B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.

Estándares de aprendizaxe: LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.

LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación coas actuais.

Grao mínimo de consecución: **Coñece a organización da sociedade romana.**

Competencias clave: CSIEE, CSC, CCL

Obxectivos: c, ñ.

Contidos: B5.3. **A familia romana.**

Criterios de avaliación: B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros

Estándares de aprendizaxe: LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros,

Competencias clave: CSC, CCEC, CCL

Obxectivos: l, n, ñ.

Contidos: B5.4. **Mitoloxía e relixión.**

Criterios de avaliación:

B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina

B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais,

Estándares de aprendizaxe:

LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.

B5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mito e a figura do heroe na nosa cultura.

Grao mínimo de consecución: **Coñece os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina e os seus atributos e funcións.**

Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CD.

Obxectivos: m.

Contidos: B5.5. **Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.**

Criterios de avaliación: B5.5. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas da hixiene persoal, peiteados e cosméticos.

Estándares de aprendizaxe: B5.5. Describe e distingue o modo de vida no ámbito privado en Roma, analizando os tipos de vivenda, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas da hixiene persoal e contrástaos coa actualidade.

Grao mínimo de consecución: **Coñece o modo de vida romano (vivenda, alimentación e indumentaria)**

Competencias clave: CD, CCEC, CSC, CCL, CSIEE, CCL, CAA.

Obxectivos: d, e, ñ.

Contidos: B5.6. **Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.**

Criterios de avaliación: B5.6. Coñecer os espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro e a súa relación co mundo actual.

Estándares de aprendizaxe: LAB5.6.1. Describe as características dos espectáculos públicos celebrados no teatro, circo e anfiteatro e valora o seu mantemento no mundo actual.

Grao mínimo de consecución: **Coñece as características dos espectáculos públicos de Roma celebrados no teatro, circo e anfiteatro.**

Competencias clave: CSC, CSIEE, CCL, CMCCT, CCEC.

## **Bloque 6. Textos.**

Obxectivos: h.

Contidos: B6.1. **Análise morfolóxica e sintáctica.**

Criterios de avaliación: B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, tradución e retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.

Estándares de aprendizaxe: LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados para efectuar correctamente a súa retroversión

Grao mínimo de consecución: **Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados para efectuar correctamente a súa retroversión.**

Competencias clave: CCL, CAA

Obxectivos: d, c.

Contidos: B6.2. **Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.**

Criterios de avaliación: B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.

Estándares de aprendizaxe: LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionado estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.

Competencias clave: CCL, CAA.

Obxectivos: h.

Contidos: B6.3. **Iniciación ás técnicas de tradución.**

Criterios de avaliación: B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.

Estándares de aprendizaxe: LAB6.3.1. 1. Utiliza correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan para traducir pequenos textos.

Grao mínimo de consecución: **Utiliza correctamente un pequeno dicionario.**

Competencias clave: CCL, CAA.

Obxectivos: l, f.

Contidos: B6.4. **Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.**

Criterios de avaliación: B6.4. Realizar, a través dunha lectura comprensiva, a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.

Estándares de aprendizaxe: LAB6.4.1 Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias

LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.

Competencias clave: CMCCT, CD, CCL

Obxectivos: b, g.

Contidos: B6.5. **Producción de pequenos textos propios en lingua latina.**

Criterios de avaliación: B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.

B6.6. **Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.**

Estándares de aprendizaxe:

LAB6.5. 1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.

LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.

Competencias clave: CCL, CSIEE, CAA.

## **Bloque 7. Léxico**

Obxectivos: h, ñ, o.

Contidos: B7.1 **Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.**

Criterios de avaliación: B71. Coñecer, identificar e traducir léxico transparente e as palabras de maior frecuencia.

Estándares de aprendizaxe:

LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou das palabras doutras linguas que coñezas.

LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.

Grao mínimo de consecución: **Identifica palabras transparentes de maior frecuencia.**

Competencias clave: CAA, CCL

Obxectivos: b, ñ, o, l.

Contidos: B7.2. **Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.**

Criterios de avaliación:

B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e derivación culta.

B7.3. Recoñecer os elementos básicos que permanecen nas linguas do alumnado.

Estándares de aprendizaxe:

LAB7.2..1 Identifica e explica os principais sufixos e prefixos, analizando o seu significado na propia lingua.

LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.

Grao mínimo de consecución:

- **Identifica e explica os principais sufixos e prefixos traballados.**

- **Identifica e explica a etimoloxía traballada.**

Competencias clave: CMCCT, CCL

Obxectivos: e, b.

Contidos: B7.3. **Locucións latinas de uso actual.**

Criterios de avaliación: B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

Estándares de aprendizaxe: LAB7.4. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e emprégaa no seu contexto axeitado, expresándose na propia lingua.

Grao mínimo de consecución: **Coñece o significado das locucións latinas traballadas.**

Competencias clave: CD, CSC, CCEC, CCL.

B) Temporalización e secuenciación:

A distribución de contidos pretende combinar a presentación dos contidos lingüísticos, concibida para unha aprendizaxe de tipo intuitivo, con outra máis sistemática. Por outra parte, algún contidos lingüísticos da seguinte relación engadíronse, como complemento necesario, no momento que se considera máis oportuno. Os 7 bloques dos que se compón a materia, reducidos a 3: de Lingua (que inclúe elementos básicos da lingua, morfoloxía, sintaxe, textos e o latín, orixe das linguas romances), Cultura e Léxico, íranse combinando ao longo do curso, e, sempre que sexa posible, relacionaranse as cuestións lingüísticas e as culturais.

1ª avaliación. 33 sesións (10 sesións por unidade)

Unidades	Contidos para a secuenciación dos estándares
1. Italia na Antigüidade	<p><b>Lingua:</b> - As linguas indoeuropeas. O latín como lingua indoeuropea. A evolución do latín. As linguas románicas na Península Ibérica e Europa. Pronunciación do abecedario latino. Concepto de flexión. Concepto de caso. Os casos latinos.. A 1ª declinación. Introducción ao verbo. O presente de SUM. A oración copulativa. Lectura e tradución de frases sinxelas. Concordancia morfosintáctica.</p> <p><b>Léxico:</b> Evolución fonética do latín ao galego e castelán :A etimoloxía: a derivación e composición. Termos patrimoniais e cultismos. Vocabulario relacionado coa escola.</p> <p><b>Cultura:</b> A Italia da Antigüidade: Introducción xeográfica.</p>
2. Roma <i>quadrata</i>	<p><b>Lingua:</b> -As partes da oración predicativa. A 2ª declinación. O presente de indicativo activo. Comprensión de textos sinxelos. Lectura e tradución de frases sinxelas.</p> <p><b>Léxico:</b> Evolución fonética do latín ao galego e castelán. Vocabulario específico procedente das linguas clásicas no campo lingüístico. Vocabulario relacionado co material escolar.</p> <p><b>Cultura:</b> A orixe lendaria de Roma. O mito das musas. A familia romana.</p>



3. A Monarquía en Roma	<p><b>Lingua:</b> - A 2ª declinación: O xénero neutro. Comprensión de textos sinxelos. Lectura e tradución de frases sinxelas.</p> <p><b>Léxico:</b> Evolución fonética do latín ao galego e castelán. Vocabulario específico no ámbito das Ciencias Naturais. Vocabulario sobre o zoo.</p> <p><b>Cultura:</b> Monarquía de Roma. Os sete reis. Seres mitolóxicos: Medusa. As partes da casa e tipos de vivenda.</p>
4. <i>Senatus Populusque Romanus</i>	<p><b>Lingua:</b> - Os adxectivos da primeira clase. O pretérito imperfecto de indicativo da voz activa. O infinitivo. Lectura e tradución de frases sinxelas.</p> <p><b>Léxico:</b> Vocabulario do ámbito da Astronomía. Vocabulario sobre o cómputo do tempo.</p> <p><b>Cultura:</b> A República romana e as súas institucións de goberno. O mundo infantil en Roma e a educación. O cómputo do tempo.</p>

2ª avaliación. 27 sesións (9 sesións por unidade)

5. Xulio César	<p><b>Lingua:</b> -A 3ª declinación. As conxugacións latinas. Comprensión de textos sinxelos. Lectura e tradución de frases sinxelas.</p> <p><b>Léxico:</b> Vocabulario específico de orixe latina ou grega nos ámbitos das Matemáticas, a Física e a Química. Vocabulario sobre as profesións latinas.</p> <p><b>Cultura:</b> Xulio César e a guerra civil. O imperio. Orfeo. Lucus Augusti.</p>
6. O Imperio	<p><b>Lingua:</b> - A 3ª declinación: substantivos e adxectivos. Principais preposicións. Comprensión de textos sinxelos. Lectura e tradución de frases sinxelas.</p> <p><b>Léxico:</b> Vocabulario no ámbito da medicina. Vocabulario sobre as partes do corpo humano. <b>Cultura:</b> Ascenso da Roma imperial. Octavio Augusto: a Pax Romana. Dous imperios: Roma e Constantinopla. Dédalo e Ícaro. As Médulas</p>
7. In itinere	<p><b>Lingua:</b> -Adxectivos da 2ª clase. O futuro imperfecto de indicativo activo. Oracións coordinadas. Comprensión de textos sinxelos. Lectura e tradución de frases sinxelas.</p> <p><b>Léxico:</b> O latín na historia e na xeografía. Vocabulario relacionado coas viaxes.</p> <p><b>Cultura:</b> A orixe da Hispania romana. A romanización da península Ibérica. A división administrativa da Hispania romana. Teseo. A vía da Prata.</p>

3ª avaliación. 33 sesións. 11 sesións por unidade.

8. Grecia e Roma	<p><b>Lingua:</b> - A 4ª declinación. Pronomes persoais e posesivos. O pretérito perfecto de indicativo. Comprensión de textos sinxelos. Lectura e tradución de frases sinxelas.</p>
------------------	--

	<p><b>Léxico:</b> O latín e a arte. Vocabulario sobre o museo.  <b>Cultura:</b> Grecia e a súa influencia. O legado de Grecia na arte romana. A aportación de Roma.</p>
9. Leis e costumes	<p>-A 5ª declinación. O pretérito pluscuamperfecto de indicativo. Os pronomes demostrativos e o Is-Ea- Id. Comprensión de textos sinxelos. Lectura e tradución de frases sinxelas.  <b>Léxico:</b> O latín e a música. Vocabulario musical.  <b>Cultura:</b> O dereito civil. O Corpus Iuris Civilis. A influencia da política romana. Prometeo. Vicus Spacorum: a vila romana de Toralla. A xornada cotiá en Roma.</p>
10. Arte e educación	<p><b>Lingua:</b> Os numerais. Comprensión de textos sinxelos. Lectura e tradución de frases sinxelas.  <b>Léxico:</b> O latín na filosofía e psicoloxía. Vocabulario sobre o final de curso.  <b>Cultura:</b> A educación. A arte romana e a súa influencia. A influencia romana na filosofía.                  Edipo. As termas. Vicus Spacorum: Salinae.</p>

c) Procedementos e instrumentos de avaliación:

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Probas específicas	<p>Obxectivas: para os temas de lingua (morfoloxía, sintaxe, léxico, tradución)                      Abertas: para os temas de cultura.</p>
	<p>Probas periódicas escritas en exames de curta duración ou, no seu caso, preguntas orais, que non necesariamente haberán de ser avisadas ao alumnado, para a aprendizaxe da morfoloxía, o cal esperamos que leve a un estudio continuo da materia</p>
Análise de produción dos alumnos	<p>Elaboración e exposición de traballos.                      Traballo na aula.</p>

Observación sistemática	Lista de control: actividades mandadas para a casa.
Cuestionarios	Para as lecturas

### 5: Concrecións metodolóxicas:

Intentarase combinar unha presentación activa dos coñecementos con outra máis sistemática. Aproveitaranse os apartados que fomenten un latín vivo (Colloquium e Narratio) e complementarase con material axeitado para o traballo na aula.

A presentación de cada unidade será a da lectura en voz alta por parte do alumnado, para despois traballar a parte lingüística mediante os exercicios propostos e apuntamentos no encerado dos que o alumnado deberá tomar anotacións.

En canto ao léxico, aparte de memorizar unha serie de palabras de uso común, o alumnado deberá expoñer de forma oral e / ou escrita a relación deste léxico co vocabulario que el emprega nas linguas nas que utiliza, e relacionado ademais con outras materias que imparte no curso.

Os temas de cultura serán traballados na clase, mediante a lectura, a visión de imaxes, documentais, obras de arte relacionadas. O alumno terá, ademais, que desenvolver e expoñer un tema entre varios a elixir. Estes temas poden ser complementados coa visita a museos e xacementos arqueolóxicos ou coa asistencia a obras de teatro.

### 6. Materiais e recursos didácticos:

- Libros de texto de Latín 4ª ESO.
- Método *Lingua Latina per se illustrata*. Tamén outros textos adaptados ou orixinais.
- Mapas de Grecia e Roma na Antigüidade.
- Mapas de Europa e da Península Ibérica.

- Dicionario de mitoloxía clásica.
- Pequeño vocabulario latín-español.
- Dicionarios da RAE e da RAG.
- Videos e DVD's.
- Utilización de páxinas web relacionadas co mundo clásico e co ensino.

## **7. Criterios de cualificación e promoción do alumnado.**

Á hora de valorar os obxectivos propostos, teranse en conta os criterios de avaliación que figuran no *curriculum*.

En canto aos contidos, corresponderalle un **70% da nota aos contidos de lingua e léxico, e un 30 % aos contidos de cultura.**

No que respecta aos estándares de aprendizaxe, o **80 % da nota corresponderá a probas escritas** realizadas na aula, un mínimo de unha por avaliación. A nota mínima das probas escritas para poder facer media será dun 3.

O **20 %** restante corresponderá a tarefas na casa, **traballos** e exposicións realizados polo alumnado e á atención e **actitude** na aula.

Para aprobar o final de curso, será necesario sumar unha nota maior ou igual que 5, e a nota calcularase facendo unha media ponderada das notas das tres avaliacións, facendo o seguinte cálculo: a primeira multiplica por 1, a segunda multiplica por 2, a terceira multiplica por 3. O resultado final da suma dos tres produtos divídese entre 6.

Para poder facer media débese acadar unha nota igual ou maior a 3,0 en cada un dos controis obxectivos.

A nota final calcularase coa media ponderada das notas das tres avaliacións, facendo a seguinte operación: a primeira multiplica por 1, a segunda multiplica por 2, a terceira multiplica por 3. O resultado final da suma dos tres produtos divídese entre 6, tendo en conta que nas avaliacións que foron recuperadas a cualificación que se considera para facer a media é de 5.

No caso de un alumno fose sorprendido copiando nalgún exame, será puntuada dita proba cunha nota de cero. Se hai evidencia de plaxio nun traballo, restaráselle un 80% da nota correspondente.

Para facer un redondeo da nota, procederase do seguinte xeito: o decimal asimilárase ó enteiro superior, se o seu valor é de 0.75 ou superior; e ó anterior nos restantes casos.

Os alumnos que suspendan unha avaliación ou unha proba concreta poderán recuperala mediante unha proba obxectiva, pero tendo en conta que as probas recuperadas nunca van computar máis de 5 puntos.

Nos últimos días do curso, terá lugar unha proba final na que os alumnos terán a oportunidade de recuperar as avaliacións que non superaron ao longo do mesmo, tanto dos contados gramaticais como dos de cultura. No caso de superar dita proba, a cualificación final será de 5.

Os alumnos que non superen a materia en xuño, realizarán unha proba escrita en setembro que abarcará todos os contidos mínimos da materia e presentará a mesma estrutura e criterios que as probas escritas realizadas durante o curso. A nota nestas probas será a obtida polo alumno.

Recollerase no caderno do profesor todo o que se vai dando en cada unha das sesións e as distintas actividades realizadas e o grao de dificultade. Ao remate de cada trimestre o Departamento indicará por escrito no libro de actas os contidos vistos en cada materia ata esa data, expresando claramente se se corresponden co ritmo lectivo esperado. Tamén se reflectirán os resultados obtidos nas distintas avaliacións facendo unha valoración dos mesmos, de maneira que durante o curso e sobre todo ao remate do mesmo se poidan comprobar claramente os resultados e deficiencias que poidan ter xurdido. Todo isto quedará reflectido na Memoria final.

Entre os indicadores que se utilizarán podemos destacar os seguintes:

- Adapto o material ás características e necesidades do alumnado.
- Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro dos obxectivos, para o fomento da cooperación e participación e a aprendizaxe autónoma.

- Uso diferentes tipos de probas para realizar a avaliación (exames, traballos...).
- Uso diferentes tipos de materiais: novas tecnoloxías, audiovisuais,, etc.
- Emprego metodoloxías que favorecen o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumnado.
- Teño en conta as impresións que o alumnado plasmou nun cuestionario anónimo de avaliación do nivel de satisfacción da actividade docente.
- Dou a coñecer ao alumnado relativo a programación: criterios de avaliación e corrección, criterios de cualificación, metodoloxía...

### **8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

Recollerase no caderno do profesor todo o que se vai dando en cada unha das sesións e as distintas actividades realizadas e o grao de dificultade. Ao remate de cada trimestre o Departamento indicará por escrito no libro de actas os contidos vistos en cada materia ata esa data, expresando claramente se se corresponden co ritmo lectivo esperado. Tamén se reflectirán os resultados obtidos nas distintas avaliacións facendo unha valoración dos mesmos, de maneira que durante o curso e sobre todo ao remate do mesmo se poidan comprobar claramente os resultados e diferencias que podan ter xurdido. Todo isto quedará reflectido na memoria final.

Entre os indicadores que se utilizarán podemos destacar os seguintes:

- Adapto o material ás características e necesidades do alumnado.
- Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro dos obxectivos, para o fomento da cooperación e participación e a aprendizaxe autónoma.
- Uso diferentes tipos de probas para realizar a avaliación para realizar a avaliación (exames, traballos...).
- Uso diferentes tipos de materiais: novas tecnoloxías, audiovisuais,, etc.
- Emprego metodoloxías que favorecen o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumnado.

- Teño en conta as impresións que o alumnado plasmou nun cuestionario anónimo de avaliación do nivel de satisfacción da actividade docente.
- Dou a coñecer ao alumnado relativo a programación: criterios de avaliación e corrección, criterios de cualificación, metodoloxía...

**Vid. Páxinas 43-45 da programación de 3º de Cultura Clásica.**

### **9. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes**

Non procede porque non hai alumnado pendente.

### **10. Procedemento para realización da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas segundo os resultados.**

Levarase a cabo a avaliación inicial do seguinte modo:

Faráselles unha proba escrita sobre contidos morfolóxicos e sintácticos e un cuestionario sobre o grao de coñecemento que o alumnado ten sobre a historia de Roma e sobre a súa vinculación con España e, en particular, con Galicia. Tamén mediante a conversa os primeiros días de clase tratarase de coñecer as razóns que levaron ao alumnado a cursar esta materia.

-Lectura dun texto breve con cuestións que permita comprobar tanto a comprensión lectora como a expresión escrita.

### **11. Medidas de atención á diversidade**

Propoñémonos axustar a nosa axuda pedagóxica a cada alumno/a en concreto. Teranse moi en conta as carencias de todo tipo, pero sobre todo as que teñen que ver coa capacidade para a comprensión e expresión oral e escrita e a falta de hábitos de traballo e estudo, que poidan presentar algúns dos/as alumnos/as.

Atenderase á diversidade da seguinte maneira:

1. Utilizando un importante soporte gráfico que serve de apoio e clarificación dos contidos, a través da imaxe, os gráficos explicativos, presentacións, mapas, esquemas-resumen, etc.

2. Presentando os contidos perfectamente organizados, para que o/a alumno/a poida seguir o desenvolvemento das explicacións cunha mínima intervención do/a profesor/ora.
3. Propoñendo actividades máis sinxelas aos alumnos que teñan dificultades para progresar no grupo e outras máis complexas para os alumnos máis avanzados.
4. Preparando, se fose necesario, adaptacións curriculares para adaptar a práctica educativa ás características concretas dos alumnos aos que se dirixan. Tales adaptacións poderán consistir na adecuación de obxectivos, eliminación ou inclusión de determinados contidos e a conseguinte modificación dos criterios de avaliación, así como a ampliación de actividades en determinadas áreas.
5. Facendo traballos en pequenos grupos sobre os temas estudados, para favorecer a cooperación e axuda entre o alumnado.
6. O reforzo educativo realizarase, en xeral, dentro da aula pero, se fose necesario, utilizarase algún recreo para axudar os alumnos que teñan algunha necesidade.

## **12. Elementos transversais e educación en valores**

Seguindo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño este departamento traballará a través dos estándares de cada materia a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

### **a. Accións de contribución ao plan TIC**

Proporcionarase unha dirección de correo electrónico onde enviar os traballos, dúbidas, etc... ao profesor

### **b. Accións de contribución ao plan de convivencia.**

Debido ao escaso número de alumnos e alumnas, utilizarase a aula come medio para fomentar o desenvolvemento da empatía entre os alumnos. Aproveitando os bloques de contido, farase fincapé nas ideas de paz, igualdade e xustiza social entre as persoas.

### **c) Accións de contribución ao proxecto lector.**

Lerase un libro no 2º e 3º trimestre, de temática relacionada co mundo romano. Leranse textos en cada unidade didáctica.



A educación en valores na materia incorpóranse a través da proposta de actividades ben prácticas, ben de reflexión.

**Educación para a igualdade entre os sexos.** Propóñense actividades relacionadas con: recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo e proporcionar posibles solucións para evita-la discriminación; alcanza-lo compromiso de evitar, en calquera situación comunicativa ou nacida da convivencia, formas, termos e expresións que denoten discriminación.

**Educación para a paz e Educación moral e cívica.** Introdúcense actividades destinadas a analizar e recoñecer nos textos clásicos as contribucións de personaxes de calquera ámbito do mundo clásico no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia; aplica-las normas que rexen o intercambio comunicativo, sabendo respectar e acepta-las contribucións dos demais; e apreciar e valora-la diversidade lingüística da Península e Europa como mostra da diversidade e riqueza culturais.

**Educación ambiental.** Ó mesmo tempo que se pretende que o alumnado recoñeza e identifique no contorno próximo restos arqueolóxicos que se relacionen coas culturas clásicas, promóvese o mantemento dun compromiso e unha implicación persoal para acadar-la conservación de toda pegada do mundo clásico no contorno natural, sabendo apreciar os avances tecnolóxicos e o respecto das antigas civilizacións pola natureza.

### **13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

Para a avaliación da propia programación establécense os seguintes procedementos:

- Intercambio de opinións na aula co alumnado.
- Os resultados do alumnado nas probas que se lles fan.
- Revisión, polo menos unha vez ao mes, da marcha e cumprimentos do programado, o que será recollido nas actas do departamento.
- Recollida na memoria final do cumprimento ou modificacións feitas ao longo do curso.

#### **14. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR**

Por tratarse dunha materia nova para o alumnado, non hai aprendizaxes do curso anterior que deban revisados. Ao ser un curso da ESO reforzaremos a expresión lingüística ao longo de todos os trimestres.

<b>15. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 4º ESO de Latín</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
Identificar o indoeuropeo como lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.	Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias.
Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.  Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.
Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, en especial os máis relevantes para a historia de Roma e os que máis se repiten nas distintas artes.	Sinala características dos deuses olímpicos e de heroes tales como Edipo, Hércules, Rómulo e Remo.
Identificar algúns fitos esenciais na historia de Roma e coñecer as súas repercusións.	Identifica os aspectos máis importantes da historia de Roma e a súa presenza no noso país e recoñece personaxes e épocas concretas de cada período.
Comprender o concepto de declinación e conxugación.	Define o concepto de declinación e conxugación. É capaz de identificar os 6 casos latinos nas palabras variables.
Recoñecer as funcións sintácticas presentes nas oracións latinas e comparalas coas atopadas nas outras linguas que manexan os alumnos.	Analiza morfolóxica e sintacticamente e traduce frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.

**16. Ensino semipresencial e/ou non presencial**

Ao abeiro do establecido no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, no caso de suspensión da actividade lectiva parcial ou total faremos uso da aula virtual do IES, así como do correo corporativo.

IES DA POBRA DO CAMIÑAL

PROGRAMACIÓN DE  
**GREGO I**  
**1º de Bacharelato**  
**2020-21**

## **1. Introducción e contextualización**

A programación da materia de latín I está elaborada tendo como referencia un grupo CINCO alumnos, dos que catro teñen a materia de Grego I e só dous cursaron Latín en 4º.

En canto ás linguas que manexa o alumnado, temos que dicir que a lingua materna dominante é o castelán, aínda que todos entenden e son quen de falar en lingua galega. Por outra banda, obsérvase un bo nivel de inglés e coñecementos de lingua francesa de boa parte do alumnado.

## **2. A materia de Grego no Bacharelato.**

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en

educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de

minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuizos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as **linguas clásicas, o latín e o grego**, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o



perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

**A materia de Grego** na etapa de bacharelato ten como primeira **finalidade** introducir o alumnado no coñecemento básico da lingua grega antiga nos seus aspectos

morfolóxicos, sintácticos e léxicos, co obxecto de lle permitir acceder directamente a algúns dos textos orixinais máis importantes da tradición literaria helénica, a través dos cales chegou ata nós unha boa parte do denominado legado clásico. O estudo da lingua e a literatura grega serve, ademais, como instrumento idóneo para se iniciar nun coñecemento directo do pensamento e a cultura grega antiga, que constitúen a base da civilización occidental.

Por outra banda, a través do estudo das peculiaridades morfosintácticas do grego antigo é posible chegar a comprender máis profundamente conceptos lingüísticos que resultan esenciais para avanzar no coñecemento e o uso correcto, tanto da lingua propia como doutras lingua estudadas polo alumnado.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organizouse en **bloques** que, con lixeiros matices, aparecen nos dous cursos. Estes bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización grega, sen as que non é posible apreciar na súa verdadeira dimensión a importancia do seu legado.

O primeiro destes bloques parte da relación entre o grego antigo e outras linguas da familia indoeuropea, para analizar o papel que estas últimas tiveron na orixe e na formación de moitas das linguas que se falan na actualidade. Para a explicación deste feito, que tradicionalmente foi presentado como un dos principais argumentos para xustificar a importancia do estudo das linguas clásicas, cómpre partir do marco xeográfico en que se desenvolve a civilización grega, marco que resulta determinante na configuración do carácter dialectal da súa lingua. Ademais, estudárase a influencia dos acontecementos históricos na evolución e no desenvolvemento das linguas literarias e na posterior converxencia dos dialectos ata chegar a constituírse a koiné e o actual idioma grego. O alumnado que estuda grego clásico aprende grego moderno con notable facilidade, nomeadamente se se estudou mediante un método natural de aprendizaxe; é dicir, a metodoloxía das linguas modernas aplicada ao estudo das linguas clásicas, que cada vez máis profesorado utiliza nas súas aulas.

Ao estudo dos aspectos netamente lingüísticos dedícanse tres bloques: o primeiro, previsto só para o primeiro curso, céntrase nalgúns elementos básicos da lingua e, moi especialmente, no procedemento de escritura, comezando por percorrer os sistemas coñecidos para analizar despois a orixe e a evolución do alfabeto grego e a súa pronuncia e transcrición ao abecedario latino; os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema son a morfoloxía e a sintaxe, dúas realidades inseparables que conforman e integran xuntas o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, facendo especial fincapé na distinción entre o procedemento temático e o atemático, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a súa relación con outras dentro da oración. A sintaxe, á súa vez, ocúpase de estudar as estruturas oracionais gregas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade. O fin último vai ser analizar e comprender os propios textos, aos que se dedica outro dos bloques de contidos previstos nos dous cursos, sempre de dificultade progresiva e adaptados aos contidos que o alumnado manexe en cada momento.

Pero como os textos non están carentes de contido, ou iso é o desexable, preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua

no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. A lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización grega que, á fin e ao cabo, constitúe a cerna da nosa.

Nos dous cursos dedicouse un bloque ao estudo desta civilización, co obxecto de identificar non só os fitos máis importantes da súa historia senón tamén os aspectos propios da súa organización política e social e da súa identidade cultural, visibles nos papeis familiares, nos traballos, nos avances científicos e técnicos, nas festas e os espectáculos e, sobre todo, nas manifestacións relixiosas. Dentro destas merece especial atención o estudo da mitoloxía, pois a súa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas do mundo antigo, entre as que destacan, por unha banda, as relativas ás artes plásticas e máis concretamente a escultura e a arquitectura, e, pola outra, ás literarias. Procurouse neste bloque establecer sempre unha valoración desde o punto de vista do mundo contemporáneo, unha comparación coa situación actual que enriqueza a nosa identidade.

No derradeiro curso, o estudo da cultura grega oriéntase principalmente ao coñecemento das manifestacións literarias, aproveitando os coñecementos da lingua xa adquiridos para introducir o alumnado no estudo da orixe e a evolución dos xéneros, mediante a lectura de fragmentos das obras orixinais, utilizándoas como instrumento para comprender as claves esenciais da sociedade en que viron a luz.

Para rematar, dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces grecolatinas nas linguas modernas senón, ademais, porque contribúe a que o alumnado adquira unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos así, pouco a pouco, ao seu vocabulario.

### **3. Obxectivos.**

Segundo o artigo 26 do *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*. (DOGA do 29 de Xuño de 2015), o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir una conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real

e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

#### **4. Contribución da materia de Grego á adquisición de competencias básicas.**

A comunicación lingüística (CCL) é a **competencia clave** que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender (CAA)

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

A competencia dixital (CD)deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un

proceso guiado polo profesorado, deberán servírnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas (CSC) poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural (CCEC), ademais de no estudo da literatura grega, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE) estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

O estudo das linguas clásicas, e do grego en particular, constitúe un instrumento fundamental para favorecer o discurso e, por tanto, a estruturación do pensamento do alumnado, o desenvolvemento da lóxica lingüística e a disciplina mental que se manteñen no tempo aínda que se esquezan os contidos concretos.

Por último, cómpre lembrar que nesta nosa sociedade que vive por e para o utilitarismo e o inmediato será imprescindible facer unha reflexión sobre o valor do que é realmente importante para que o noso alumnado adopte unha visión crítica da sociedade que o rodea. Os coñecementos adquiridos nas aulas que nun principio poden parecer carentes de utilidade práctica resultan verdadeiramente importantes cando capacitan a persoa para adoptar criterios que lle permitan discernir entre o xusto e o inxusto, o relevante e o accesorio, entre o καλόν e o κακόν.

## 5. Secuenciación, temporalización e obxectivos dos contidos.

### 6.1. GREGO 1.

GREGO 1º BAC				
avaliación	Unidades didácticas			temporalización
	unidade	bloque	contido	
1	1	B.1. Lingua grega		setembro
		B.1.1.	Marco xeográfico da lga. grega	
		B.1.2.	Familias lgtcas. O indoeuropeo	
		B.1.3.	Hª da lga. Grega: do micénico ao grego moderno	
		B.1.4.	Variedades dialectais	
		B.2. Sistema de lingua.		

		B.2.1.	Orixes da escritura. Sistemas de escritura	
		B.2.2.	Orixe do alfabeto grego	
		B.2.3.	Caracteres do alfabeto grego	
		B.2.4.	Clasificación de fonemas: pronuncia	
		B.2.5.	Transcrición de termos dos caracteres gregos	
		B.2.6.	Signos diacríticos e de pronunciación	
		B.7. Léxico		
		B.7.3.	Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e especializado: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos	
	2	B.3. Morfoloxía		setembro
		B.3.1.	O grego lingua flexiva	outubro
		B.3.3.	Concepto de declinación	
		B.3.4.	Flexión pronominal: o artigo	
		B.3.4.	Flexión nominal: declinación dos temas en -a e en -o.	
		B.3.5.	Sistema verbal: presente indictivo activo de lu/w e de ei)mi/	
		B.4. Sintaxe		
		B.4.1.	Casos gregos	
		B.4.2.	Concordancia	

		B.4.3.	Elementos da oración	
		B.4.8.	Análise e tradución de frases e textos	
		B.5. Cultura		
		B.5.1.	Períodos da hª de Grecia.	
		B.6. Textos		
		B.6.1.	Iniciación ás técnicas de tradución	
		B.6.2.	Iniciación ás técnicas de retroversión e análise de textos	
		B.6.3.	Análise morfosintáctica. Comparación das estruturas da lga. grega coas da propia	
		B.6.6.	Produción de textos propios breves en lingua grega	
		B.7. Léxico		
		B.7.1.	Vocabulario básico grego	
		B.7.3.	Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e especializado: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos	
		B.7.4.	Identificación de lexemas, prefixos e sufixos gregos na lingua propia: prefixos	
	3	B.3. Morfoloxía		novembro
		B.3.1.	Tipos de palabras variables e	decembro

			invariables. As preposicións e)n, e)k/e)c, a)po/, ei)j, pro/j, dia/, kata/.
		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: demostrativos o(/de, ou(=toj e e)kei/noj.
		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: adxectivos da 1ª clase.
		B.3.5.	Sistema verbal: Futuro indicativo activo de lu/w
		B.3.5.	Sistema verbal: desinencias secundarias; aumento; imperfecto indicativo activo de lu/w e de ei)mi/; aoristo indicativo activo de lu/w.
		B.4. Sintaxe	
		B.4.1.	Casos gregos: nominativo e vocativo
		B.4.2.	Concordancia
		B.4.3.	Elementos da oración.
		B.4.4.	Oracións simples: predicativas e atributivas
		B.4.8.	Análise e tradución de frases e textos
		B.5. Cultura	
		B.5.2.	Organización política de Grecia
		B.6. Textos	
		B.6.1.	Iniciación ás técnicas de



			tradución	
		B.6.2.	Iniciación ás técnicas de retroversión e análise de textos	
		B.6.3.	Análise morfosintáctica. Comparación das estruturas da lga. grega coas da propia	
		B.6.6.	Produción de textos propios breves en lingua grega	
		B.7. Léxico		
		B.7.1.	Vocabulario básico grego	
		B.7.3.	Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e especializado: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos	
		B.7.4.	Identificación de lexemas, prefixos e sufixos gregos na lingua propia: prefixos	
2	4	B.4. Morfoloxía		xaneiro
		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: persoais e)gw/, su/, e(, e o pronome au)to/j.	
		B.3.1.	Tipos de palabras variables e invariables. As preposicións e) pi/, para/, peri/, u(pe/r, u(po/.	
		B.3.5.	Sistema verbal: reduplicación;	

			perfecto e pluscuamperfecto o indicativo activo de lu/w.	
		B.4. Sintaxe		
		B.4.1.	Casos gregos: dobre acusativo; dativo posesivo	
		B.4.8.	Análise e tradución de frases e textos	
		B.5. Cultura		
		B.5.2.	Organización social de Grecia	
		B.6. Textos		
		B.6.1.	Iniciación ás técnicas de tradución	
		B.6.2.	Iniciación ás técnicas de retroversión e análise de textos	
		B.6.3.	Análise morfosintáctica. Comparación das estruturas da lga. grega coas da propia	
		B.6.6.	Producción de textos propios breves en lingua grega	
		B.7. Léxico		
		B.7.1.	Vocabulario básico grego	
		B.7.3.	Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e especializado: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos	
		B.7.4.	Identificación de lexemas, prefixos	

			e sufixos gregos na lingua propia: prefixos	
	5	B.3. Morfoloxía		febreiro
		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: consideracións xerais sobre a 3ª declinación. Temas en oclusiva	
		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: posesivos e relativo o(/j)	
		B.3.5.	Sistema verbal: desinencias mediopasivas. Voz media e voz pasiva	
		B.4. Sintaxe		
		B.4.5.	Oracións compostas: oración de relativo	
		B.4.3.	Elementos da oración: o complemento axente	
		B.4.8.	Análise e tradución de frases e textos	
		B.5. Cultura		
		B.5.3.	A familia	
		B.6. Textos		
		B.6.1.	Iniciación ás técnicas de tradución	
		B.6.2.	Iniciación ás técnicas de retroversión e análise de textos	
		B.6.3.	Análise morfosintáctica. Comparación das estruturas da lga.	

			grega coas da propia	
		B.6.6.	Produción de textos propios breves en lingua grega	
		B.7. Léxico		
		B.7.1.	Vocabulario básico grego	
		B.7.3.	Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e especializado: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos	
		B.7.4.	Identificación de lexemas, prefixos e sufixos gregos na lingua propia: sufixos	
	6	B.3. Morfoloxía		marzo
		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: 3ª declinación: Temas en líquida e en nasal	
		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: pronome indefinido tij e interrogativo ti/j	
		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: numerais	
		B.3.5.	Sistema verbal: infinitivos medios e pasivos	
		B.4. Sintaxe		
		B.4.1.	Casos gregos: xenitivo partitivo	
		B.4.6	usos do infinitivo. Oración de infinitivo	

		B.4.8.	Análise e tradución de frases e textos	
		B.5. Cultura		
		B.5.4.	O traballo: oficios, ciencia e técnica	
		B.6. Textos		
		B.6.1.	Iniciación ás técnicas de tradución	
		B.6.2.	Iniciación ás técnicas de retroversión e análise de textos	
		B.6.3.	Análise morfosintáctica. Comparación das estruturas da lga. grega coas da propia	
		B.7. Léxico		
		B.7.1.	Vocabulario básico grego	
		B.7.3.	Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e especializado: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos	
		B.7.4.	Identificación de lexemas, prefixos e sufixos gregos na lingua propia: sufixos	
3	7	B.3. Morfoloxía		abril
		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: 3ª declinación: Temas en -nt	

		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: adxectivos irregulares: pa=j, polu/j, me/gaj	
		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: graos de significación do adxectivo. Comparativo de superioridade. Superlativo	
		B.3.5.	Sistema verbal: aumento temporal e aumento silábico. Aumento nos verbos compostos	
		B.3.5.	Sistema verbal: participio de presente activo e medio-pasivo	
		B.4. Sintaxe		
		B.4.3.	Elementos da oración: o complemento axente	
		B.4.7.	Usos do participio. Oración de participio concertado	
		B.4.8.	Análise e tradución de frases e textos	
		B.5. Cultura		
		B.5.4.	O lecer: o deporte	
		B.6. Textos		
		B.6.1.	Iniciación ás técnicas de tradución	
		B.6.2.	Iniciación ás técnicas de	

			retroversión e análise de textos	
		B.6.3.	Análise morfosintáctica. Comparación das estruturas da lga. grega coas da propia	
		B.6.6.	Produción de textos propios breves en lingua grega	
		B.7. Léxico		
		B.7.1.	Vocabulario básico grego	
		B.7.3.	Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e especializado: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos	
		B.7.4.	Identificación de lexemas, prefixos e sufixos gregos na lingua propia: sufixos	
	8	B.3. Morfoloxía		maio
		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: 3ª declinación: Temas en silbante (neutros en –oj e substantivos e adxectivos en -hj	
		B.3.1.	Tipos de palabras variables e invariables. As preposicións su/n, meta/, pro/, dia/.	
		B.3.5.	Sistema verbal: os modos: subxuntivo,	

			optativo e imperativo. Usos dos modos	
		B.3.5.	Sistema verbal: cadro xeral do infinitivo.	
		B.4. Sintaxe		
		B.4.1.	Casos gregos: a expresión do tempo e a extensión no espazo e no tempo	
		B.4.8.	Análise e tradución de frases e textos	
		B.5. Cultura		
		B.5.5.	Mitoloxía e relixión: o panteón olímpico	
		B.6. Textos		
		B.6.1.	Iniciación ás técnicas de tradución	
		B.6.2.	Iniciación ás técnicas de retroversión e análise de textos	
		B.6.3.	Análise morfosintáctica. Comparación das estruturas da lga. grega coas da propia	
		B.6.6.	Produción de textos propios breves en lingua grega	
		B.7. Léxico		
		B.7.1.	Vocabulario básico grego	
		B.7.3.	Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e especializado:	



			termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos	
		B.7.4.	Identificación de lexemas, prefixos e sufixos gregos na lingua propia: sufixos	
	9	B.3. Morfoloxía		xuño
		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: 3ª declinación: Temas en vogal suave e en ditongo	
		B.3.4.	Flexión nominal e pronominal: esquema xeral dos adxectivos. Clasificación	
		B.3.5.	Sistema verbal: particularidades morfolóxicas dos distintos participios.	
		B.4. Sintaxe		
		B.4.7.	Usos do participio. O participio absoluto	
		B.4.8.	Análise e tradución de frases e textos	
		B.5. Cultura		
		B.5.5.	Mitoloxía e relixión: o oráculo.	
		B.6. Textos		
		B.6.1.	Iniciación ás técnicas de tradución	
		B.6.2.	Iniciación ás técnicas de retroversión e análise de textos	

		B.6.3.	Análise morfosintáctica. Comparación das estruturas da lga. grega coas da propia	
		B.6.6.	Produción de textos propios breves en lingua grega	
		B.7. Léxico		
		B.7.1.	Vocabulario básico grego	
		B.7.3.	Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e especializado: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos	
		B.7.4.	Identificación de lexemas, prefixos e sufixos gregos na lingua propia: sufixos	

## 6. Criterios de cualificación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

### 7.1. Grego 1º BAC

#### GREGO 1 BAC

Contido	Criterio de avaliación Ident. estándares	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación	
				Grao de consecución	Peso na cualificación

				míni mo	
B.1. Lingua grega					
B.1.1	B1.1. coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lga. grega	CD CSC	GR1B1.1.1. localiza sobre un mapa o marco xeográfico no que ten lugar o nacemento da lga grega e a súa expansión	50 % 50 %	0,1%
B.1.2	B1.2. explicar a orixe da lga grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos lgtcos que compoñen a familia das lgas indoeuropeas	CAA CCEC	GR1B1.2.1. explica a orixe da lga grega e a relación coas outras lgas da familia indoeuropea		
		CD CCL	GR1B1.2.2. enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das lgas indoeuropeas		
	B.1.3. entender o concepto de familia lgtca	CCL	GR1B1.3.1. explica o concepto de familia lgtca		
		CCL	GR1B1.3.2. define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo		
	B.1.4. identificar o indoeuropeo como a lga nai da maioría das lgas faladas en Europa hoxe en día	CD CCL	GR1B1.4.1. establece a filiación das lgas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de expansión		
B.1.3	B.1.5. coñecer as etapas da hª da lga grega	CD CCEC	BR1B1.5.1. coñece as etapas da evolución da lga grega, dende o micénico ata o grego moderno		
	B.1.6. identificar exemplos de escritura micénica e alfabética	CCL	GR1B1.6.1. identifica a escritura Lineal B coma un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto		
	B.1.7. recoñecer a evolución da lga grega ata chegar ao momento actual	CCL	GR1B1.7.1. coñece a pronuncia da lga grega moderna e utiliza algunha palabras e expresións básicas		
B.1.4	B.1.8. recoñecer a división dialectal da lga grega e	CCL	GR1B1.8.1. sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lga grega		

	identificar a súa expansión xeográfica.				
B.2. Sistema de lingua grega					
B.2.1	B.2.1.coñecer diferentes sistemas de escritura e distínguilos do alfabeto	CCL	GR1B2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen a uns doutros.	50%	0,1%
B.2.2	B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto grego, a súa influencia e a súa relación con outros sistemas de escritura usados na actualidade	CCL	GR1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio GR1B2.2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas.		
B.2.3	B2.3. Coñecer os caracteres do alfabeto grego na súa forma minúscula e maiúscula, escribilos e lelos coa pronuncia correcta	CCL	GR1B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente.	100%	0,5%
B.2.4	B2.4. Recoñecer o cadro clasificatorio dos fonemas da lingua grega xunto coa súa pronuncia.	CCL	GR1B2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación	100%	
B.2.5	B2.5. Coñecer e aplicar as normas de transcrición para transcribir termos gregos ao abecedario galego e castelán.	CCL	GR1B2.5.1. Coñece as normas de transcrición e aplícaas con corrección na transcrición de termos gregos ao galego e ao castelán.	80%	
B.2.6	B2.6. Coñecer os	CCL	GR1B2.6.1. Coñece o valor e	100%	

	acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación, o seu valor e a súa colocación		colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.		
<b>B.3. Morfoloxía</b>					
B.3.1	B3.1. Coñecer o concepto de flexión lingüística.	CCL	GR1B3.1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva.	50%	0,1%
	B3.2. Distinguir e clasificar as categorías de palabras a partir do seu enunciado		GR1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	75%	
B.3.3	B3.4. Comprender o concepto de declinación/flexión.		GR1B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación	80%	
B.3.4	B3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais.		GR1B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	80%	20%
			GR1B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán.	80%	
B.3.5	B3.6. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analízalas morfoloxicamente e tradúcilas.	CCL	GR1B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación.	80%	20%
			GR1B3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que	50%	

			se recoñecen os modelos de flexión verbal.		
			GR1B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.	50%	
			GR1B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.	80%	
			GR1B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas.	75%	
			GR1B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal	60%	
B.4. Sintaxe					
B.4.1	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	CCL	GR1B4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.	60%	20%
	B4.2. Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, e saber traducir adecuadamente os casos á lingua materna.		GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de traducilos.		
B.4.2	B4.3. Coñecer o concepto de concordancia tanto		GR1B4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así		

	nominal (caso, xénero e número) como verbal (número e persoa).		como entre verbos e suxeitos		
B.4.3	B4.4. Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc.		GR1B4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración.		
B.4.6	B4.7. Coñecer as funcións das formas de infinitivo nas oracións.		GR1B4.7.1. Identifica as funcións das formas de infinitivo dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.	50%	
	B4.8. Identificar as construcións de infinitivo concertado e non concertado.		GR1B4.8.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.		
B.4.7	B4.9. Coñecer as funcións das formas de participio nas oracións.		GR1B4.9.1. Identifica as funcións das formas de participio dentro da oración, comparando exemplos do seu uso		
	B4.10. Identificar as construcións de participio concertado e non concertado.		GR1B4.10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.		
B.4.8	B4.11. Coñecer, comprender e utilizar os elementos morfolóxicos da lingua grega, e iniciarse na interpretación e na tradución de textos de dificultade progresiva		GR1B4.11.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos.	60%	
	B4.12. Identificar e		GR1B4.12.1. Identifica na		

	relacionar elementos sintácticos da lingua grega que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.		análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán.		
B.5. Grecia: hª, cultura, arte e civilización.					
B.5.1	B5.1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Grecia, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	CCEC	GR1B5.1.3. Distingue as etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	50%	10%
B.5.2	B5.2. Coñecer e comparar as principais formas de organización política e social da antiga Grecia.	CSC	GR1B5.2.1. Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáraos entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais.		
			GR1B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos da época e compáraos cos actuais		
B.5.3	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	CSC	GR1B5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais		
B.5.4	B5.4. Identificar as principais formas de traballo e de lecer da	CMCCT CSC CSIEE	GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relaciónaas cos coñecementos científicos e técnicos da		



	antigüidade.		época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.		
		CSC	GR1B5.4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade grega e analiza a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.		
B.5.5	B5.5. Coñecer os principais deuses da mitoloxía.	CCL CCEC	GR1B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.		
	B5.6. Coñecer os deuses, os mitos e os heroes gregos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	CCEC	GR1B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.		
			GR1B5.6.2. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos os tratamentos, asociándoas a outras características culturais propias de cada época		
			GR1B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas en diferentes manifestacións artísticas, e describe, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina		
	B5.8. Relacionar e establecer semellanzas e		GR1B5.8.1. Describe e analiza os aspectos relixiosos e culturais que sustentan os		

	diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais		certames deportivos da antiga Grecia e a presenza ou ausencia destes nos seus correlatos actuais		
B.6. Textos					
B.6.1	B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva.	CCL	GR1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.	60%	20%
	B6.2. Utilizar con corrección manuais e dicionarios, e recoñecer e analizar toda a información que proporcionan.		GR1B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.	50%	
B.6.2	B6.3. Coñecer e aplicar os coñecementos adquiridos para a retroversión de frases ou textos de dificultade progresiva.		GR1B6.3.1. Traduce do grego ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos.	60%	
B.6.3	B6.5. Comparar as estruturas gregas coas da lingua propia, e establecer semellanzas e diferenzas.		GR1B6.5.1. Compara estruturas gregas coas da lingua propia, e establece semellanzas e diferenzas.	50%	
B.6.6	B6.8. Redactar pequenos textos en lingua grega de produción propia.		GR1B6.8.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en grego sobre un tema proposto.	50%	

B.7. Léxico					
B.7.1	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego: as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos	CCL	GR1B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto	50%	10%
			GR1B7.1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, e tradúceos á propia lingua.		
B.7.3	B7.3. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e remontalos aos étimos gregos orixinais		GR1B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.		
B.7.4	B7.4. Identificar e coñecer os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego (derivación e composición) para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais		GR1B7.3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia.		

## 7. Contidos mínimos esixibles.

- a. Alfabeto e pronunciación. Espíritos, acentos e signos de puntuación. Transcrición de termos gregos ao latín, galego e castelán.
- b. Flexión nominal: os casos e as declinacións. O artigo. Paradigmas dos temas en –a e dos temas en –o. A terceira declinación: temas en oclusiva, líquida, nasal, -nt-, e silbante. Temas en vogal e ditongo. Particularidades e cambios fonéticos.
- c. Os adxectivos: clasificación. Graos de significación do adxectivo. O comparativo. O superlativo. Comparativos e superlativos irregulares. A oración comparativa.
- d. Os numerais. A flexión pronominal. Pronomes persoais. Pronomes reflexivos. Os posesivos. Pronomes demostrativos.
- e. O pronome relativo. A oración de relativo.
- f. O pronome interrogativo. A oración interrogativa directa e indirecta. Os pronomes indefinidos.
- g. A flexión verbal. As desinencias. Paradigma dos verbos temáticos en voz activa, media e pasiva. Particularidades dos verbos contractos. Conxugación dos verbos consoánticos. O verbo eimi/.
- h. Os tempos verbais. Características morfolóxicas. Estudo do aumento e da reduplicación. O aspecto. O modo. Usos da voz media. A oración pasiva.
- i. Valores fundamentais dos casos. A preposición: réxime das preposicións máis frecuentes. As circunstancias de lugar e de tempo.
- j. As formas nominais do verbo. Formación de participios e infinitivos. Participio concertado e participio absoluto. Oración de infinitivo con suxeito en acusativo. Tradución de textos que presenten as dificultades morfosintácticas detalladas nos apartados 1 ao 10.
- k. Vocabulario mínimo de preto de 500 palabras aproximadamente.
- l. Helenismos do galego e do castelán formados a partir dese vocabulario mínimo.
- m. Lectura de dúas das obras indicadas coma de lectura obrigatoria.
- n. Coñecemento dos mitos máis destacados relativos aos deuses que compoñen o Panteón Olímpico.
- o. Ubicación xeográfica e cronolóxica dos acontecementos máis importantes da historia de Grecia.

## 8. Metodoloxía.

O estudo da **gramática** realizarase mediante exposicións teóricas moi sinxelas,

nas que se procurará omitir excepcións e irregularidades; estas indicaranse segundo vaian aparecendo nos textos. As explicacións apoiaranse en exercicios prácticos que conteñan exemplos do tema desenvolvido e recapitulen o anterior. Estes exercicios serán de dous tipos:

- a. Tradución directa grego-galego, que constituirá o traballo básico do curso. Preténdese que o alumnado, aínda no caso de non dominaren os paradigmas, sexan capaces de recoñecer formas e construcións, de entender o texto.
- b. Tradución inversa galego-grego: de maior dificultade, é, porén, moi útil para asimilar o funcionamento interno da lingua e para a adquisición de vocabulario. Doutra banda, reflicte perfectamente o grao de coñecemento gramatical do alumnado.

Os **textos** deben seleccionarse en función do seu interese cultural e lingüístico, xa sexan adaptacións, xa orixinais de autores gregos. Como xa se indicou anteriormente, os autores que se van traducir en segundo de bacharelato son Esopo, Xenofonte e Platón (a CIUG recomenda non excluír ningún autor *a priori*).

O **vocabulario** elixirase a partir dos textos, tendo en conta a súa frecuencia e tamén a súa pervivencia na nosa lingua. O libro de texto recomendado ao alumnado ofrece xa un vocabulario de máxima frecuencia elaborado a partir dos autores gregos máis representativos.

O estudo dos **helenismos** está intimamente ligado á aprendizaxe do vocabulario e, malia que nos **contidos** non apareza unha sección especificamente dedicada a eles, ao longo do curso faranse exercicios variados de etimoloxía, derivación, composición..., que proben a presenza do grego no galego e no castelán cultos e, asemade, contribúan a enriquecer o vocabulario dos alumnos/-as.

Para o estudo dos temas de **civilización e cultura**, seguirase a proposta do libro de texto recomendado. En cada unha das unidades didácticas hai dúas seccións dedicadas a estas cuestións: a primeira, que dá título á unidade, ofrece información sobre o mundo cotián e mitoloxía, acompañada de textos clásicos e contemporáneos que documentan a pervivencia dos mitos; na segunda, trátanse os aspectos históricos e culturais, presentados coma unha viaxe diacrónica e diatópica polos centros neurálxicos da civilización helénica: Creta, Micenas, Troia, Olimpia, Lesbos, Esparta, Atenas, Macedonia...

As explicacións poderanse reforzar coa utilización de mapas do Mundo Antigo, proxección de diapositivas e, se a marcha do curso o permite, películas de vídeo. Ademais, o libro de texto propón en cada lección títulos de libros e películas, CD-ROM e enderezos de Internet.

A **lectura de textos** de autores clásicos traducidos será punto de referencia constante no estudo dos temas históricos e culturais. Ademais de fragmentos escollidos, nos dous cursos de bacharelato propoñemos uns libros de lectura obrigatoria, que especificaranse no seguinte apartado.

Dada a importancia instrumental das novas tecnoloxías da información no mundo actual, unha vez ao trimestre empregárase o uso do ordenador da biblioteca escolar, da aula de informática e/ou do departamento de grego (se o houber), segundo as dispoñibilidades do centro, para buscar información pertinente referida aos temas culturais en diferentes enderezos de internet, co obxectivo de que os alumnos/as

aprendan a empregar de xeito responsable e construtivo as novas tecnoloxías da información.

**. Avaliación e actividades de recuperación.**

Os exames serán eminentemente prácticos e poderán constar, *a modo de exemplo*, dos seguintes apartados (indícase entre parénteses a puntuación que sobre 10 se lle podería adxudicar a cada parte):

- a. Análise morfo-sintáctica e tradución do grego ao galego dunhas frases ou dun texto breve (3 puntos)
- b. Tradución do galego ao grego de frases breves (2 puntos)
- c. Cuestións relativas á flexión nominal e verbal ou a calquera tema de morfosintaxe (4 puntos)
- d. Exercicios de léxico: helenismos, derivación, composición... (1 punto).

Ao longo do curso haberá tamén exames específicos de gramática nominal e verbal, así como dos temas de cultura, que o alumno deberá aprobar para acadar unha cualificación final positiva. O valor das probas repártese do seguinte xeito: temas de cultura 30% e exames de lingua 70%.

**OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN SERÁN IDÉNTICOS AOS DE 1º DE BACHARELATO DE LATÍN .**

**10. Materiais didácticos.**

Recoméndase o libro de texto elaborado por Juan Manuel BÉRTOLO BALLESTEROS e Matilde DE CAL CORTINA para 1º e 2º de bacharelato, publicado por Baía Edicións. O libro, ademais de estar editado en galego, incorpora unha ampla selección de textos de autores galegos (e españois) que tratan de asuntos relacionados co tema central de cada unidade, dando constancia da enorme influencia que a lingua e a civilización gregas deixaron na nosa cultura. Presenta tamén un vocabulario de máxima frecuencia, feito a partir dos autores gregos máis representativos, con diversos exercicios de léxico: antónimos, derivación, familias léxicas, helenismos.

Para a tradución seguiremos, ademais do manual indicado, as seleccións propostas nos seguintes libros de texto:

- APARICIO, José A. et alii: Griego: Introducción al griego clásico. Oxford University Press, Madrid, 1998.
- ESTÉBANEZ, Fernando et alii: Pragma. Cuaderno de trabajo. Griego. 3º BUP. NAU Libres, Valencia, 1993.
- ALMODÓVAR, Javier e GÓMEZ TIRADO, Juan M.: Griego I. Editex, Madrid, 1999.
- BERENGUER AMENÓS, Jaime: Hélade. Ejercicios de griego. Vol. 1:

*morfología; Vol. 2: sintaxis – antología. Bosch, Barcelona, 1970.*

- WILLIAMS WHITE, John: *First Greek Book*. Ginn & Co., Boston, 1896.

En canto aos temas culturais, utilizaranse dous pequenos manuais, *La civilización griega*, de Arturo PÉREZ, e *Así vivían en la Antigua Grecia*, de Raquel LÓPEZ MELERO, ambos os dous editados por Anaya na colección *Biblioteca Básica de Historia*. Tamén é de obrigada consulta dalgún atlas histórico.

Para o estudo da mitoloxía, ademais do *Diccionario de Mitología griega y romana*, de Pierre GRIMAL, editado por Paidós, manexarase a tetraloxía *Cuentos de la mitología griega*, de Alicia ESTEBAN e Mercedes AGUIRRE, publicado por Ediciones de la Torre.

Para a aprendizaxe dos helenismos recurriremos ao *Diccionario de helenismos españoles*, de Crisóstomo ESEVERRI HUALDE, publicado por Ediciones Aldecoa.

Propónse ademais o emprego da seguinte dactiografía:

- **Proyecto Palladium.** <http://recursos.cnice.mec.es/latingriego>. Proxecto elaborado baixo a dirección do Ministerio de Educación. Inclúe materiais para todo o currículo de latín, grego e Cultura Clásica. Moi completo en actividades e exercicios. Aínda que deben depurarse algunhas deficiencias de funcionamento resulta de gran utilidade.
- **Scripta. Conocer la literatura latina.** [http://www.cnice.mec.es/pamc/pamc\\_2001/2001\\_scripta\\_conocer\\_literatura/](http://www.cnice.mec.es/pamc/pamc_2001/2001_scripta_conocer_literatura/) Esta aplicación, concebida como un libro electrónico, é un instrumento didáctico que pretende dinamizar o traballo convencional na aula de Latín, aproveitando as posibilidades que brindan os medios electrónicos para potenciar o protagonismo do alumno. Autor: Francisco Manzanero Can.
- **Kairos.** <http://recursostic.educacion.es/kairos/web/metodologia/metodologia.html> Trátase dun programa de apoio ao profesorado de Historia de Secundaria e Bacharelato. **Kairos** contén interesantísimas propostas metodolóxicas para a didáctica da historia, que utilizan dende a mitoloxía ata o cine e a fotografía. Ademais ofrece un espazo de comunicación: para achegamento de documentos, presentación de libros e publicacións electrónicas e permanente actualización de documentos.
- **Historia del Teatro.** [http://www.cnice.mec.es/pamc/pamc\\_2000/2000\\_historia\\_teatro/](http://www.cnice.mec.es/pamc/pamc_2000/2000_historia_teatro/) Esta aplicación, creada por Miguel Ángel Gómez Ferro y César Vallejo de Castro, ofrece unha visión do teatro a traveso de distintas épocas, dende Grecia ata o s. XVIII.
- **Biblioteca Augustana.** <http://www.fh-augsburg.de/~harsch/saeca01.html> Ampla biblioteca de textos latinos desmenuzados e analizados de moi doada utilización.
- **Cultura Clásica.** <http://www.culturaclasica.com/enlaces/latin.htm> Páxina da Asociación Cultural **Culturaclasica.com** que ten coma principal misión informar y manter de xeito virtual ao día a todos

aqueles interesados no mundo grecorromano. Nestas páxinas pódese atopar todo tipo de información actualizada cada día sobre todo o que atinxe á cultura, literatura, historia, arqueoloxía, cine, mitoloxía, educación, sociedade, noticias, etc., relacionadas coa civilizacións grega e romana.

- **Aula de Latín** <http://antalya.uab.es/pcano/aulatin/> Portal da área de Filoloxía Latina da **Universidad Autónoma de Barcelona** dedicado á didáctica do **latín** dende diferentes puntos de vista: gramática, sintaxe, xogos ou cine. Moi boa selección de enlaces comentados.
- **Proyecto Grammaticvs**  
<http://www.santiagoapostol.net/grammaticus/> É un sitio dedicado ao latín e á cultura clásica no Ensino Secundario, onde se poden encontrar materiais sobre lingua e cultura latinas, nomeadamente o seu programa de inicio á tradución.
- **Departamento de clásicas del IES Universidad Laboral de Cáceres.**  
<http://www.unilaboralcaceres.net/departamentos/latinygriego/recursos.html#LENGUA> Páxina interesante polo que aporta de recursos de latín e cultura clásica en forma de resúmenes, esquemas, etc. para ser utilizados polos estudantes.

### **11. Atención á diversidade.**

Coma profesor, e en colaboración co Departamento de Orientación, atenderase á diversidade:

- Establecendo secuencias de contidos que aseguren as aprendizaxes básicas para todos/as os alumnos/as e coñecementos de maior complexidade para algúns/as
- Propoñendo actividades de ensino-aprendizaxe diversificadas e con diferentes niveis de dificultade.
- Establecendo agrupamentos que posibiliten aprendizaxes cooperativas e facilitando traballos en parellas.
- Ofertando diferentes tempos na realización das actividades e tarefas en función dos ritmos de aprendizaxe dos distintos alumnos/as cando sexan actividades individuais.
- Propoñendo actividades abertas onde todos os alumnos/as poidan acadar algunha meta máis ou menos complexa dependendo da súa capacidade.
- Incluindo actividades de reforzo para aqueles alumnos/as que non seguen o ritmo dos compañeiros.
- Preparando actividades de recuperación para aqueles alumnos/as que non teñan acadado os obxectivos ao finalizar a secuencia (vid. Actividades de recuperación).
- Propoñendo actividades de ampliación e/ou profundización para aqueles alumnos/as cun ritmo de aprendizaxe maior ou con maior capacidade de aprendizaxe.
- Aplicando os criterios de avaliación con diferentes esixencias de logro.
- O reforzo educativo ou adaptación do currículo prescrito, que non afecte a



aspectos substantivos do mesmo, senón a aspectos que son competencia do profesorado tales como a organización de contidos, a secuencia dos mesmos, a diversidade metodolóxica en canto a tipos e organización, as formas de agrupamento na aula e as relacións de interacción entre uns alumnos/as e outros/as, a diversificación de recursos didácticos, as formas concretas de avaliación, así coma os instrumentos ou técnicas desa mesma avaliación.

## **12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Debido ao protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 dos centros educativos, este curso non será posible organizar actividades complementarias nin extraescolares.

IES DA POBRA DO CAMIÑAL

PROGRAMACIÓN DE

**LATÍN I**

**1º de Bacharelato**

**2020-21**

## ÍNDICE

1. Introducción e contextualización .....	3
2. Obxectivos .....	3
2.1. Obxectivos específicos da materia .....	5
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	6
4. Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe .....	8
5. Metodoloxía, actividades, temporalización e secuenciación .....	17
6. Materiais e recursos didácticos .....	20
7. Procedementos e instrumentos de avaliación .....	23
8. Actividades de recuperación para os pendentes .....	24
9. Programación da educación en valores .....	25
10. Actividades complementarias e extraescolares .....	25
11. Accións de contribución ao proxecto lector .....	26
12. Accións previstas de acordo ao plan de integración das TICs .....	26
13. Accións de contribución ao plan de convivencia .....	26
14. Procedementos para avaliar a propia programación .....	27

## **1. Introducción e contextualización**

A programación da materia de latín I está elaborada tendo como referencia un grupo CINCO alumnos, dos que catro teñen a materia de Grego I e só dous cursaron Latín en 4º.

En canto ás linguas que manexa o alumnado, temos que dicir que a lingua materna dominante é o castelán, aínda que todos entenden e son quen de falar en lingua galega. Por outra banda, obsérvase un bo nivel de inglés e coñecementos de lingua francesa de boa parte do alumnado.

## **2. Obxectivos**

O Artigo 26 do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* establece para o bacharelato que esta etapa contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a responsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Adaptando estes obxectivos xerais á nosa realidade educativa, prestaremos especial atención aos seguintes aspectos:

- Mellorar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais da comunidade e nas linguas estranxeiras que se imparten no centro.
- Fomentar o interese dos alumnos e alumnas pola lectura como instrumento de aprendizaxe e fonte de pracer.
- Incrementar o interese pola aprendizaxe significativa.
- Fomentar o espírito crítico para o exercicio dunha cidadanía responsable.
- Contribuír ao desenvolvemento persoal do alumnado e impulsar hábitos de vida saudables.
- Fomentar o interese polos coñecementos de tipo científico.
- Asesorar o alumnado cara ás súas posibilidades formativas futuras.

### **2.1 Obxectivos específicos**

1. Iniciarse na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
3. Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.
4. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.
5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analizalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.

7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

### **3. Contribución ó desenvolvemento das competencias clave .**

A través dos elementos do seu currículo o estudo da lingua e cultura romana contribúe de modo directo á adquisición das competencias clave:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. O compoñente pragmático abórdase nas súas tres dimensións: produción de mensaxes, interpretación e análise dos mesmos e comunicación dos resultados. A aprendizaxe desta materia está baseada nos textos polo que a lectura será o eixe principal en torno ó que xirarán ás clases, polo que os alumnos mellorarán necesariamente a comprensión de textos escritos, adquirindo as destrezas necesarias para comentar os mesmos, de forma oral ou escrita. A morfoloxía e a sintaxe do latín axudará a mellorar as estruturas da súa propia lingua e mellorarán notablemente o nivel léxico do galego e do castelán ao aprender os lexemas, prefixos e sufixos latinos que máis frecuentemente aparecen. O exercicio da tradución de textos latinos desenvolve as capacidades lingüísticas, tanto a comprensión, como a expresión oral e escrita.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** esta materia contribúe á competencia matemática cando o alumnado elabora e interpreta mapas e traballa con elementos espaciais , así como cando utiliza e analiza gráficos referentes á xeografía e poboación dos antigos romanos e cando estudan os sistemas de medidas e o calendario. Así mesmo no estudo da educación en Roma, do urbanismo e da enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

- **Competencia dixital (CD):** A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos cooperativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.
- **Aprender a aprender (CAA):** maniféstase na necesidade de aprender tanto os aspectos lingüísticos, como os culturais, reflexionando sobre a utilidade dos contidos para a súa propia formación. Tamén na continua e adecuada reflexión sobre o proceso de aprendizaxe dunha lingua, partindo dos coñecementos lingüísticos que lles aporta o estudo do latín. Tentaremos que as actividades educativas favorezan a capacidade do alumno para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos de investigación apropiados para seguir aprendendo ao longo da vida, e que estimulen o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** O estudo da vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** O estudo do latín permite desenvolver esta capacidade, xa que se empregan procedementos que esixen unha planificación, a avaliación de distintas posibilidades e a toma de decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implican valorar as contribucións dos demais, aceptar erros, saber corrixilos e non renderse ante un resultado negativo, buscando sempre a propia superación.
- **Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC):** A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos



contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

#### 4. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances</b>				
l p	Marco xeográfico da lingua.	Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CMCCT CCEC CSC
g	O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.	Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	CD CAA
n	O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CCEC
n p	Linguas de España: linguas romances e non romances.	Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco	Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non	CSC CCEC

	Latín I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características.	romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e recoñece as súas características.	
d g p h	Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro.	CCL CAA CMCCT
			Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos.	CCL
			Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais.	CMCCT CD CCEC
d p n	Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos.	Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.	CCL CAA
<b>Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos</b>				
g	Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	Recoñece tipos de escritura e clasifícalos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que distinguen uns dos outros.	CD CCEC
g	Orixe e evolución do alfabeto latino.	Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto da época clásica.	Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego.	CAA CMCCT

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g	Orixe e evolución do alfabeto latino.	Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas.	Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e recoñece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan.	CSC CCL CCEC
e	Pronuncia do latín: tipos.	Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín e distinguir os seus tipos.	Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia.	CCL
<b>Bloque 3. Morfoloxía</b>				
d	Formantes das palabras.	Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	CMCCT CCL
g	Tipos de palabras: variables e invariables.	Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado.	Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	CAA CCL
i l	Concepto de declinación e conxugación.	Comprender o concepto de declinación e conxugación.	Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación	CAA CCL CD
g d	Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándooos segundo a	CCL

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			súa categoría e a súa declinación.	
			Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	CCL
d g	Flexión verbal.	Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.	CAA CCL
			Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.	CCL
			Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.	CCL
l d	Flexión verbal.	Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como en voz pasiva.	Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un.	CAA CCL
			Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.	CD CCL
g	Flexión verbal.	Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha.	. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	CAA CCL
e d p	Flexión verbal.	Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais.	Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os	CCL CAA

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.	
<b>Bloque 4. Sintaxe</b>				
i	Elementos da oración.	Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración.	CMCCT CCL
e	Casos latinos.	Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos.	CAA CCL
g	Concordancia.	Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL
d	Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.	CMCCT CCL
g	Oración composta: coordinación e subordinación.	Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas.	Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.	CAA CCL
e	Construcións de infinitivo e de participio.	Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio.	Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da	CAA CCL

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			oración e compara exemplos do seu uso.	
e	Construcións de infinitivo e de participio.	Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes.	Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.	CCL
<b>Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización</b>				
a i l g p	Períodos da historia de Roma.	Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.	CCEC CCL CSC
			Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	CSC CSIEE CCEC
			Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relacións con outras circunstancias contemporáneas.	CAA CSC
			Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información	CD CMCCT
			Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior.	CSC CSIEE CCL

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h a p	Romanización de Hispania e da Gallaecia.	Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos.	Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases.	CMCCT CCL CSC CCEE
			Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior.	CSC CD CCL
n p	Romanización de Hispania e da Gallaecia.	Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos.	Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos.	CAA CMCCT CD CCEC CD
a c	Organización política e social de Roma.	Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual.	Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	CSIEE CSC
			Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.	CSIEE CD CSC CCL
n	Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses.	CCEC CD
			Identifica deuses, semideuses e heroes	CCEC CD

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros.	CCL
n h p	Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.	CCEC CCL CSC CSIEE
			Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos.	CAA CCEC CCL
n	Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	Coñecer e comparar coas actuais as características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios.	Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día.	CSC CMCCT CCL CCEC
n	Arte romana.	Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes.	Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada.	CCEC CD



Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
idp	Obras públicas e urbanismo.	Identificar os trazos máis destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa.	Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	CD CSC CMCCTC
			Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada.	CMCCT CD CAA
a	O exército.	Describir a estrutura e o funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas na súa evolución.	Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos	CSC CMCCT
<b>Bloque 6. Textos</b>				
e	Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica.	Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.	Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	CCL CAA
dp	Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	CAA CCL
dj	Iniciación ás técnicas de tradución.	Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e	CAA CCL

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.	
de	Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia.	Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	CSC CCEC CAA
			Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CMCCT CCL
i	Produción de pequenos textos en lingua latina.	Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	CCL
i	Produción de pequenos textos en lingua latina.	B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	CCL
<b>Bloque 7. Léxico</b>				
e	Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.	CAA CCL
			Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	CD CCL
dp	Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.	Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.	Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	CMCCT CCL
dp	Mantemento de elementos lingüísticos latinos.	Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos	Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.	CAA CCL

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		e os derivados en linguas romances.		
e p	Mantemento de elementos lingüísticos latinos.	Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	CCL
			Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	CAA CD CCL
g e	Locucións latinas de uso actual.	Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.	CCL CCL

## 5. Metodoloxía, actividades e temporalización e secuenciación.

Antes que ensinar, debemos introducir a idea de motivar, é dicir, cambiar os comportamentos, promover o desexo de alcanzar o coñecemento, e despois, é cando falaremos de adquirir conceptos. Ademais de transmitir información, debemos desenredar conceptos, marcar pautas, orientar, compendiar, para que o alumno coa base nese proxecto transparente e accesible deseñado pola profesora sexa capaz de comprender, reter, razoar e amosar as habelencias que marcamos nos obxectivos.

A dificultade e complexidade da lingua latina obríganos a estudar só os paradigmas máis frecuentes. Tampouco estará de máis aprender de memoria ditos paradigmas para poder facer unha mellor interpretación dos textos.

Combinado con esta aprendizaxe de paradigmas está, por suposto, a reiteración de moitos exercicios prácticos para dotar de ritmo as sesións de traballo na aula, pois é onde á fin o alumno se atopa con máis dificultade. Isto tamén redundará na aprendizaxe mencionada anteriormente.

Será fundamental que haxa unha variedade de actividades para que o alumno se sinta máis motivado.

Írase examinando detidamente a gramática na clase de acordo cos textos, realizando simultaneamente a aprendizaxe da flexión nominal e verbal, vocabulario, sintaxe e formación e derivación de palabras.

As explicacións fonéticas referiranse ás regras necesarias para a comprensión de diversos fenómenos que explican a evolución dende o indoeuropeo ó latín clásico, e dende este ás linguas que emprega o alumno.

Na morfoloxía prescindiremos de complicacións innecesarias, limitándonos ás estruturas regulares. Cada unha das explicacións teóricas irá acompañada de exercicios prácticos, cos que o alumno poderá asimilar o explicado, así como haberá unha conexión constante entre a lingua e a cultura.

En sintaxe faremos fincapé en todo aquilo que ofrezca un uso diferente, e a súa equivalencia ás nosas linguas non sexa facilmente deducible. As explicacións insistirán nas diferencias coa lingua materna do alumno. Será fundamental, pois, resaltar paralelismos

e conexións en vez de explicar como algo distinto todo o que ten tratamento análogo na lingua latina.

Ao principio estas estruturas morfosintácticas basearanse na tradución de frases curtas seleccionadas e sinxelas. Máis adiante traduciranse textos máis amplos con unidade de contido, e que nos permitirán, ó mesmo tempo, o estudo da lingua e léxico latinos e o afondamento no coñecemento dos aspectos culturais máis significativos de Roma.

Non se fará uso do dicionario ata avanzada a 3ª avaliación. Isto fai necesario o reparto a cada alumno dun vocabulario mínimo e simplificado que lle sirva de axuda nas tarefas de tradución.

Para as cuestións que non son estritamente lingüísticas, empregaremos tamén a axuda de materiais audiovisuais .

#### **- Impulso da autonomía persoal**

Impulsarase o desenvolvemento da competencia de autonomía e iniciativa persoal utilizando procedementos que esixan planificar, seleccionar, avaliar distintas posibilidades e tomas de decisións. O traballo en grupo e a posta en común dos resultados terá como consecuencia a valoración das aportacións doutros compañeiros, a aceptación dos erros cometidos, a comprensión destes e a forma de corrixilos e a non rendición ante un resultado inadecuado. En definitiva, aportará posibilidades de mellora e fomentará o afán de superación.

***-Distribución temporal dos contidos***

Procuraremos facer a seguinte distribución intercalando os temas lingüísticos cos culturais e sen que teña que haber unha separación tallante entre os distintos apartados, pois poden precisar facerse algunhas explicacións simultáneas a medida que se vaia avanzando na materia:

***1ª avaliación***

- Orixes e características da lingua latina. Do indoeuropeo ó latín.
- O abecedario. Pronunciación clásica do latín. Cantidade e acento.
- A orde das palabras. Categorías gramaticais. Concepto e valores dos casos.
- Declinacións. Distribución dos nomes nas cinco declinacións. Flexión de cada unha delas.
- Adxectivos. Clases e graos.
- Pronomes. Características xerais da flexión pronominal. Persoais e posesivos.
- Flexión verbal. Categorías do verbo. Comparanza co verbo galego e castelán.
- O verbo sum.
- Orixe de Roma. A súa fundación.
- Desenvolvemento de Roma como potencia mediterránea. Sinopse histórica dos tres tipos de goberno: Monarquía, República e Imperio.

***2ª avaliación***

- Demostrativos. Relativo.
- Formas nominais do verbo. Morfosintaxe do participio.
- Palabras invariables. Adverbios. Preposicións. Conxuncións.
- A concordancia. Sintaxe dos casos. Valores. Casos con preposición.
- Oracións simples e compostas. Oracións nominais. Oracións predicativas.
- Cadro xeral de coordinación e subordinación.

- O vocabulario latino. Grupos temáticos. Familias de palabras.
- A evolución das linguas galega e castelán: nocións básicas. Outras linguas romances derivadas do latín.
- A Hispania romana.
- A relixión e os mitos.
- As obras públicas e o urbanismo.
- A casa romana.

### **3ª avaliación**

- Lectura comprensiva de obras ou fragmentos traducidos.
- Técnicas de tradución. A morfosintaxe. Historiografía, fábula, epigrama, locucións, proverbios, etc.
- A sintaxe dun texto orixinario e a da súa tradución.
- O contexto histórico, social e cultural dos textos interpretados.
- Evolución fonética, morfolóxica e semántica das palabras latinas.
- Expresións latinas usadas habitualmente.
- Familia e educación.
- Vida cotiá.
- Os espectáculos públicos.
- O calendario.

## **6. Materiais e recursos didácticos**

- Apuntes facilitados polo departamento para fotocopiar.
- Disporán tamén de materiais complementarios dos fondos que hai na Biblioteca do Centro: libros de texto, dicionarios de diferentes linguas (o dicionario de latín non se empregará ata avanzada a 3ª avaliación, namentres terán como mostra básica o que trae o libro *Latín I Bachillerato*) mapas, libros de lectura, libros de consulta referidos ós

contidos propios desta área e segundo o momento de avance na materia a proxección de varios documentais que versan sobre diversos aspectos fundamentais de Roma.

-Non haberá lecturas obrigatorias, a contribución ao proxecto lector consistirá na lectura en voz alta dos diferentes temas e actividades ao longo do curso.

## 7. Procedementos e instrumentos de avaliación.

A avaliación terá tres grandes obxectos, todos eles relacionados entre si: unha avaliación dos alumnos e do seu rendemento; unha avaliación do profesor e do seu rendemento e unha avaliación do que se podería chamar a mecánica didáctica.

A nota de cada alumno terá que ser razoada e deberá estar fundamentada nos seguintes puntos:

-Resultados da proba ou probas que os alumnos poidan considerar "oficial" para cada avaliación. Será unha ou dúas probas por cada avaliación. A data será a que designe a dirección do centro. Dende o momento en que se comece a traducir, esta proba (ou probas) sempre incluírá exercicio de tradución.

-Observacións e anotacións no diario de aula, referidas ó traballo e ás aptitudes e actitudes que os alumnos presentan na súa actividade na clase. Valoraremos positivamente que o alumno realice os exercicios recomendados (non só a correcta realización dos mesmos, senón simplemente o feito de facelos).

-Tarefas, esporádicas ou habituais, susceptibles de seren cualificadas, que dependerán na súa conformación concreta da natureza do traballo que se estea executando na aula (redacción, resumes, esquemas, cuestionarios sobre vídeos, etc.).

En todas as avaliacións a **cualificación** será a nota media ponderada das cualificacións obtidas segundo as seguintes porcentaxes:

- . Observación directa 10%
- . Probas de control obxectivas 80%
- . Probas prácticas 10%

Nas probas de control obxectivas a porcentaxe divídese do seguinte xeito:



O 70% será a nota de coñecementos gramaticais.

O 30% será a nota de coñecementos de cultura.

Para poder facer media débese acadar unha nota igual ou maior a 3,0 en cada un dos controis obxectivos.

A nota final calcularase coa media ponderada das notas das tres avaliacións, facendo a seguinte operación: a primeira multiplica por 1, a segunda multiplica por 2, a terceira multiplica por 3. O resultado final da suma dos tres produtos divídese entre 6, tendo en conta que nas avaliacións que foron recuperadas a cualificación que se considera para facer a media é de 5.

No caso de un alumno fose sorprendido copiando nalgún exame, será puntuada dita proba cunha nota de cero. Se hai evidencia de plaxio nun traballo, restaráselle un 80% da nota correspondente.

Para facer un redondeo da nota, procederase do seguinte xeito: o decimal asimilase ó enteiro superior, se o seu valor é de 0.75 ou superior; e ó anterior nos restantes casos.

Os alumnos que suspendan unha avaliación ou unha proba concreta poderán recuperala sempre que non sexa de gramática, pois neste caso aplicarase a avaliación continua. Para os outros contidos de cultura, realizarase unha proba obxectiva, pero tendo en conta que as probas recuperadas nunca van computar máis de 5 puntos.

Nos últimos días do curso, terá lugar unha proba final na que os alumnos terán a oportunidade de recuperar as avaliacións que non superaron ao longo do mesmo, tanto dos contidos gramaticais como dos de cultura. No caso de superar dita proba, a cualificación final será de 5.

En setembro, nos exames extraordinarios haberá unha parte de contidos gramaticais e outra de contidos culturais e a cualificación será a nota media ponderada das dúas partes, igual que na convocatoria de xuño. O criterio de redondeo será o mesmo que para a avaliación ordinaria.

### **- Procedementos para a realización da avaliación inicial**

Neste curso incorpóranse alumnos que nunca estudaron latín, unido a outros que si o cursaron; por esta razón a materia comezase a explicar dende cero. Farase unha pequena proba escrita, coa posibilidade dunha repetición, a partires do coñecemento e da rectificación dos erros cometidos, tendo en conta, principalmente esa parte do alumnado que nunca estudou latín.

## **8. Actividades de recuperación para os pendentes.**

A avaliación será continua no apartado de gramática. Non se prevén, pois, segmentacións da materia por períodos de avaliación nin o que se entende a cotío por probas específicas de recuperación, entendendo por tales, exames destinados a "eliminar materia". O alumno que supere unha avaliación tamén terá superadas tódalas precedentes. De forma parella ao suspender a derradeira avaliación implica ter que enfrontarse en setembro á totalidade da materia traballada durante todo o curso.

A avaliación da mecánica didáctica abrangue varios aspectos: a adecuación dos obxectivos establecidos, a pertinencia da conformación temática elixida para acadar os mesmos, a calidade das tarefas para os alumnos e, por último, os propios mecanismos avaliadores.

Para que as metas establecidas sexan as axeitadas hai que partir dunha correcta priorización, baseada na importancia da materia, na pertinencia e no grao de dificultade. Deberemos sopesar os recursos dispoñibles, a efectividade e por último a aceptación por parte do alumno (ningunha planificación ten éxito se o alumnado é pouco receptivo).

Despois de todo isto, os obxectivos e as metas a alcanzar estarán ben definidas sen deixar de ser flexibles, pois, en ocasións, é necesario introducir algún cambio segundo a análise continua de calidade determine, en base ás actividades e recursos do momento.

Non hai alumnos con esta materia pendente.

## **9. Programación da educación en valores.**

Seguindo o Decreto 86/015 do 25 de xuño este departamento traballará a través dos contidos de cada materia o reforzo dos hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional como xa quedou reflectido ao falar das competencias clave, do uso das TICS, do proxecto lector, etc... noutros puntos desta programación.

A materia de latín ofrece multitude de oportunidades para abordar a educación en valores, xa que por un lado a sociedade clásica foi a creadora de principios e valores que seguimos considerando modélicos como a democracia ou a liberdade e por outro lado presenta aspectos conflictivos como a escravitude, a discriminación sexual ou o totalitarismo de algunhas etapas que provocan o noso rexeitamento.

Este departamento, tomando como referencia os principios básicos da constitución vixente, propón traballar e incidir sobre os seguintes valores:

### **1. Valores de participación democráticos**

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global. Adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española, do Estatuto de autonomía de Galicia e polos dereitos humanos, que fomenta a construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

### **2. Valores relativos aos dereitos fundamentais dos seres humanos**

- Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable, organizada e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico nos distintos ámbitos da súa vida. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real de xénero. Propulsar a non discriminación das persoas con discapacidade e en xeral de calquera tipo de discriminación por razóns de raza, sexo, clase social, crenzas, orixe, nacionalidade, lingua ou outras características individuais, sociais e culturais.

### **3. Valores relativos á igualdade dos sexos e á violencia de xénero.**

Este departamento considera que calquera tipo de violencia é reprobable e rexeitable. Sen embargo, a especial sensibilización que a nosa sociedade evidencia con respecto á violencia de xénero, fai que sexa necesario tratar este aspecto dun modo diferenciado. En todo momento insistirase no principio básico de igualdade entre home e muller, en tanto que detentadores duns mesmos dereitos e obrigas, aos que se debe dar unha mesma igualdade de oportunidades que de ningún modo deben quedar mediatizadas ou limitadas polo seu sexo. A este respecto, as sociedades do mundo antigo, especialmente a sociedade ateniense, pero tamén dende un punto de vista legal a romana, deben servir para contrastar a situación de inferioridade legal e real na que estivo a muller durante moito tempo, en contraste coa situación actual, na que, aínda con excepcións e necesidade de mellora, a muller xa ocupa unha situación de igualdade, polo menos legal, na nosa sociedade.

## **10. Actividades complementarias e extraescolares.**

**Vid. Páxina 47 da programación de 3º de Cultura Clásica.**

## **11. Accións previstas de acordo ao proxecto lector.**

- Lectura dos textos de autores latinos contidos no libro de texto e das lecturas que se propoñan na programación.

## **12. Accións previstas de acordo ao plan de integración das TICS**

- Utilización de internet para consultar calquera asunto relativo ao mundo clásico:

\* Utilización do buscador: [argos.evansville.edu](http://argos.evansville.edu)

\* Utilización da páxinas: [www.perseus.tufts.edu](http://www.perseus.tufts.edu)

\* Utilización da páxina: [www.culturaclasica.com](http://www.culturaclasica.com)

\* Acceso a través de internet a museos virtuais

## **13. Accións de contribución ao plan de convivencia.**

- Manifestar entusiasmo pola materia e dar exemplo de dedicación e interese para favorecer a dedicación do alumnado ao estudo.

- Favorecer sesións de grupo para detectar os valores e normas relacionadas coa dedicación ao estudo e á educación

- Crear un clima de confianza co alumnado, e transmitirille individualmente os valores básicos relacionado coa disciplina do Centro.

- Informar e solicitar colaboración á familia en relación cos problemas observados na aula

- Ensinar as normas de disciplina de maneira adecuada á capacidade e etapa evolutiva do alumnado
- Explicar como as normas son necesarias para a boa marcha da clase
- Propiciar a participación do alumnado na procura de solucións aos problemas disruptivos que se presenten na aula.
- Analizar a efectividade das medidas utilizadas a curto e a longo prazo.

#### **14. Procedementos para avaliar a propia programación.**

Os procedementos que servirán para avaliar a propia programación relacionaranse directamente cos obxectivos acadados, polo que estaremos avaliando, dalgún xeito, o grao de éxito conseguido. Para que a programación exposta alcance o seu fin, os obxectivos planificados en cada un dos cursos deben estar conectados cos contidos presentados, que ó mesmo tempo haberán de manifestar unha secuenciación correcta coa intención de lograr a aprendizaxe significativa, evolucionando a partir dos coñecementos que os alumnos xa posúen e valorando positivamente o seu esforzo e entendendo os erros coma un sistema de aprendizaxe.

Neste senso, os contidos traballarase en función da súa natureza cos procedementos adecuados, procurando atendelos coa metodoloxía pertinente en función das circunstancias e das características do alumnado, de onde se deriva que nos centramos na diversidade dos rapaces. Así mesmo, os obxectivos, conceptos e procedementos poñeranse en comunión coas actitudes e temas transversais, tentando aplicar os coñecementos adquiridos á vida cotiá e á realización do alumno en canto persoa. As actividades propostas buscarán combinar o ensino e a aprendizaxe co didactismo, de modo que se reservarán para o final de cada avaliación aqueles exercicios máis accesibles.

A proba obxectiva non debería ser outra cousa que un trámite no que se poñen en funcionamento as destrezas e saberes impartidos, mais a experiencia demostra que en ocasións non se obteñen os resultados agardados, e á inversa. Nos casos de dificultade, o

profesor habilitará as horas de recreo para que os rapaces que presenten dificultades aclaren as dúbidas que consideren pertinentes e realicen actividades de reforzo. A actitude e disposición dos alumnos axudaranos a descubrir se os obxectivos e contidos acometidos chegan a bo porto.

De todos os xeitos, existen outros factores que nos axudarán a obter unha valoración da nosa programación, ademais das meras cualificacións obtidas polos rapaces e a comprensión por parte do alumnado dos aspectos explicados en clase, tales coma a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Por outra banda, ó final de curso o profesor pode ofrecer ós alumnos unha enquisa anónima e de carácter informativo, a partir da cal obteremos maior información para valorar o traballo realizado durante o curso escolar.

IES DA POBRA DO CARAMIÑAL

DEPARTAMENTO DE  
LATÍN

2º de Bacharelato LATÍN  
2020-21



## ÍNDICE

1. Introducción .....	3
2. Obxectivos .....	3
2.1. Obxectivos específicos da materia .....	5
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	6
4. Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe .....	8
5. Metodoloxía, actividades, temporalización e secuenciación.....	12
6. Grao mínimo de consecución para superar a materia .....	15
7. Materiais e recursos didácticos .....	17
8. Procedementos e instrumentos de avaliación .....	17
9. Criterios de avaliación .....	19
10. Actividades de recuperación para os pendentos .....	19
11. Medidas de atención á diversidade .....	20
12. Programación da educación en valores .....	21
13. Actividades complementarias e extraescolares .....	22
14. Accións de contribución ao proxecto lector .....	22
15. Accións previstas de acordo ao plan de integración das TICS .....	22
16. Accións de contribución ao plan de convivencia .....	23
17. Procedementos para avaliar a propia programación .....	23

## **1. Introducción.**

O grupo de Latín II está formando por un grupo de 8 alumnos.

A lingua materna dominante é claramente o castelán, aínda que a totalidade é quen de expresarse correctamente en galego, tanto na lingua escrita como na oral.

### **1. Obxectivos**

O Artigo 26 do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* establece para o bacharelato que esta etapa contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Adaptando estes obxectivos xerais á nosa realidade educativa, prestaremos especial atención aos seguintes aspectos:

- Mellorar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais da comunidade e nas linguas estranxeiras que se imparten no centro.

- Fomentar o interese dos alumnos e alumnas pola lectura como instrumento de aprendizaxe e fonte de pracer.
- Incrementar o interese pola aprendizaxe significativa.
- Fomentar o espírito crítico para o exercicio dunha cidadanía responsable.
- Contribuír ao desenvolvemento persoal do alumnado e impulsar hábitos de vida saudables.
- Fomentar o interese polos coñecementos de tipo científico.
- Asesorar o alumnado cara ás súas posibilidades formativas futuras.

### **2.1 Obxectivos específicos**

1. Recoñecer a orixe latina das linguas romances, en especial galego e castelán, utilizando axeitadamente o manexo de fontes antigas diversas.
2. Valorar as contribucións do mundo clásico como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes que conforman o eido cultural europeo.
3. Identificar e valorar as principais aportacións da cultura romana e da súa lingua como instrumento transmisor.
4. Recoñecer algúns elementos da herdanza latina que permanecen no mundo actual como clave para interpretalos.
5. Analizar textos latinos diversos, orixinais ou traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais.
6. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e relacionar compoñentes significativos do latín (flexión nominal, pronominal e verbal) coas modernas derivadas do latín ou influídas por el.

## 2. Contribución ó desenvolvemento das competencias clave .

A través dos elementos do seu currículo o estudo da lingua e cultura romana contribúe de modo directo á adquisición das competencias clave:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. O compoñente pragmático abórdase nas súas tres dimensións: produción de mensaxes, interpretación e análise dos mesmos e comunicación dos resultados. A aprendizaxe desta materia está baseada nos textos polo que a lectura será o eixe principal en torno ó que xirarán ás clases, polo que os alumnos mellorarán necesariamente a comprensión de textos escritos, adquirindo as destrezas necesarias para comentar os mesmos, de forma oral ou escrita. A morfoloxía e a sintaxe do latín axudará a mellorar as estruturas da súa propia lingua e mellorarán notablemente o nivel léxico do galego e do castelán ao aprender os lexemas, prefixos e sufixos latinos que máis frecuentemente aparecen. O exercicio da tradución de textos latinos desenvolve as capacidades lingüísticas, tanto a comprensión, como a expresión oral e escrita.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** esta materia contribúe á competencia matemática cando o alumnado elabora e interpreta mapas e traballa con elementos espaciais , así como cando utiliza e analiza gráficos referentes á xeografía e poboación dos antigos romanos e cando estudan os sistemas de medidas e o calendario. Así mesmo no estudo da educación en Roma, do urbanismo e da enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.
- **Competencia dixital (CD):** A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas

como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

- **Aprender a aprender (CAA):** maniféstase na necesidade de aprender tanto os aspectos lingüísticos, como os culturais, reflexionando sobre a utilidade dos contidos para a súa propia formación. Tamén na continua e adecuada reflexión sobre o proceso de aprendizaxe dunha lingua, partindo dos coñecementos lingüísticos que lles aporta o estudo do latín. Tentaremos que as actividades educativas favorezan a capacidade do alumno para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos de investigación apropiados para seguir aprendendo ao longo da vida, e que estimulen o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** O estudo da vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** O estudo do latín permite desenvolver esta capacidade, xa que se empregan procedementos que esixen unha planificación, a avaliación de distintas posibilidades e a toma de decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implican valorar as contribucións dos demais, aceptar erros, saber corrixilos e non renderse ante un resultado negativo, buscando sempre a propia superación.
- **Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC):** A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios,

lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

### 3. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances				
d p	B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.	CCL CAA CCEC
d g p	B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.	CCL CMCCT CCL CCEC
			LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos.	CD CCL CAA
Bloque 2. Morfoloxía				
i	B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.1. Coñecer as categorías gramaticais.	LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.	CAA CCL
d	B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e	CMCCT CCL

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.	
d	B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas.	LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.	CMCCT CCL
l d	B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais.	LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.	CD CCL CAA
			LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	CCL CAA
l d	B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica.	B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais.	LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán	CD CAA CCL
			LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	CCL CAA CD
<b>Bloque 3. Sintaxe</b>				
e	B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.	LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL CAA
e	B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.	LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as	CCL CAA



Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			construcións sintácticas latinas, e relacións con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.	
e p	B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos.	LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relacións para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.	CCL CAA
d	B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación.	B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas.	LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.	CAA CCL
e	B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.	B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.	LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	CCL CAA
Bloque 4. Literatura latina				
h	B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución.	LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.	CCEC CMCCT CCEC
n	B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.	LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.	CAA CCL CCEC
i g	B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental.	LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.	CMCCT CCEC

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	CD CCL
d	B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite.	LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.	CCL CSC CCEC
n h p	B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.	LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.	CSC CD CCL
			LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.	CSC CD CCL
Bloque 5. Textos				
e	B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.	LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL CAA
d	B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o	LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical	CD CAA CCL

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.	que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.	
b	B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.	B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.	LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.	CAA CSC CCEC CCL
a	B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	CSC CCEC CCL
h	B5.4. Identificación das características formais dos textos.	B5.5. Identificar as características formais dos textos.	LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	CCL CCEC
Bloque 6. Léxico				
e p	B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.	B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico.	LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	CCL CMCCT CD
d g p	B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.	CAA CCL CD
			LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.	CD CCL

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h	B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.	B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.	CMCCT CSC CD CCEC CCL
d p	B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.	B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.	LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.	CCL CCEC

## 5. Metodoloxía, actividades e temporalización e secuenciación.

Antes que ensinar, debemos introducir a idea de motivar, é dicir, cambiar os comportamentos, promover o desexo de alcanzar o coñecemento, e despois, é cando falaremos de adquirir conceptos. Ademais de transmitir información, debemos desenredar conceptos, marcar pautas, orientar, compendiar, para que o alumno coa base nese proxecto transparente e accesible deseñado pola profesora, sexa capaz de comprender, reter, razoar e amosar as habilidades que marcamos nos obxectivos.

Pretendemos levar unha metodoloxía activa e reiterativa dos conceptos imprescindibles, e fundamentalmente teórico-práctica, pois é a que máis rendemento ofrece en alumnos que se atopan ás portas da universidade.

Farase un repaso previo a toda a morfoloxía vista no curso anterior e unha ampliación das cuestións morfolóxicas irregulares. Veranse as principais regras fonéticas para a comprensión de diversos fenómenos que explican a evolución dende o latín clásico e dende este ás linguas que emprega o alumno. Completaremos o esquema das relacións sintácticas vistas en Latín I, con especial interese no proceso da subordinación.

A aprendizaxe sistemática das declinacións e das conxugacións que se esixirán neste curso obedece a que son, ó noso modo de ver, moi rendibles aínda que non constitúan obxectivos en si mesmas, senón como instrumentos imprescindibles para o grao de perfección que se necesita para a tradución.

A lingua latina debe ser a base da aprendizaxe, para que o alumno poida enfrontarse á tradución dun texto e a partires de aí tocar outros temas.

Todo o traballo do curso terá como centro as manifestacións textuais dos antigos romanos; ben na súa forma orixinal, ben en forma adaptada ou ben en forma de traducións. Os textos serán o epicentro en torno ó cal construiremos os procesos de aprendizaxe de todo aquilo que non é directamente tradución, pero que sempre se relaciona dalgunha maneira (a través do contido dos textos) coa mesma.

Haberá unha conexión constante entre lingua e cultura.

Usaremos o dicionario, xa que se abordarán textos orixinais e de moi variados rexistros léxicos.

#### **- Impulso da autonomía persoal**

Impulsarase o desenvolvemento da competencia de autonomía e iniciativa persoal utilizando procedementos que esixan planificar, seleccionar, avaliar distintas posibilidades e tomas de decisións. O traballo en grupo e a posta en común dos resultados terá como consecuencia a valoración das aportacións doutros compañeiros, a aceptación dos erros cometidos, a comprensión destes e a forma de corrixilos e a non rendición ante un resultado inadecuado. En definitiva, aportará posibilidades de mellora e fomentará o afán de superación.

#### **-Distribución temporal dos contidos**

Procuraremos facer a seguinte distribución intercalando os temas lingüísticos cos culturais e sen que teña que haber unha separación tallante entre os distintos apartados, pois

poden precisar facerse algunhas explicacións simultáneas a medida que se vaia avanzando na materia:

### **1ª avaliación**

- Morfosintaxe nominal: revisión das declinacións. Formas nominais menos usuais e irregulares. Adxectivos. Revisión da súa flexión. Graos do adxectivo.
- Formación de adverbios de modo a partir do adxectivo.
- Morfosintaxe pronominal: revisión da súa flexión.
- Morfosintaxe verbal: revisión da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo.
- Técnicas de tradución. Análise morfosintáctica. Uso correcto do dicionario.
- Formación de palabras latinas. Composición e derivación.
- Transmisión da literatura clásica.
- Aforismos e locucións.
- Toponimia.
- Os xéneros literarios latinos e a súa influencia nas manifestacións posteriores: Épica, Lírica e Historiografía.

### **2ª avaliación**

- A concordancia. Tipos de concordancia. Oracións simples e compostas. Revisión da subordinación. Procedementos de subordinación. Tipos de oracións subordinadas.
- Lectura comprensiva de obras ou textos traducidos.
- Sintaxe dun texto orixinario e da súa tradución.
- O contexto social, cultural e histórico dos textos interpretados.
- A morfosintaxe dos textos nos diferentes xéneros literarios traducidos.

- Aforismos e locucións.
- Toponimia.
- A literatura comparada. O teatro romano, a oratoria e a fábula.

### **3ª avaliación**

- O comentario de textos. Os textos como fonte de datos.
- Características diferenciais do latín fronte ó galego, ó castelán e a outras linguas romances.
- O vocabulario específico de orixe grecolatina usual nas disciplinas que conforman o currículo.
- Expresións latinas incorporadas á linguaxe habitual e á culta.
- Repaso de todos os aforismos e dos topónimos.
- Repaso de temas de literatura das avaliacións anteriores.

## **6. Grao mínimo de consecución para superar a materia**

### **a. Lingua**

- Morfoloxía

- Repaso dos contidos do curso anterior
- Os verbos irregulares VOLO, NOLO, MALO, FERRO, EO e FIO.
- As formas nominais do verbo (infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino). Os seus valores e a súa tradución.

- Sintaxe

- Repaso dos contidos do curso anterior.

- Valores dos casos (acusativo, relativo, dobre acusativo, xenitivo partitivo, xenitivo adverbial, xenitivo obxectivo e subxectivo, o dativo posesivo, o dobre dativo).
- Valores dos tempos e dos modos verbais.
- A oración de relativo: a oración de relativo con verbo en subxuntivo.
- As oracións de infinitivo.
- O participio concertado e absoluto.
- Valores das conxuncións CUM, UT e QUOD.
- As interrogativas indirectas.
- Outros modos de subordinación (causal, concesivo, condicional, final, temporal e comparativo).
- O estilo indirecto.

#### **-O léxico latino**

- Locucións latinas de uso actual.
- Toponimia de orixe latina.

#### **-O legado de Roma**

- As orixes da literatura latina.
- O teatro: (Plauto e Terencio).
- A poesía épica (Virxilio).
- A poesía lírica e elexíaca (Horacio e Ovidio).
- A historiografía (Tácito e Tito Livio).
- A oratoria (Cicerón).
- A fábula (Fedro).



## **7. Materiais e recursos didácticos**

- Material fotocopiado xunto con apuntes elaborados e proporcionados pola profesora.
- Disporán tamén de materiais complementarios dos fondos que hai na Biblioteca do Centro: libros de texto, dicionarios de diferentes linguas, libros de lectura, libros de consulta referidos ós contidos propios desta área.

## **8. Procedementos de avaliación: instrumentos de avaliación e sistemas de cualificación**

A avaliación terá tres grandes obxectos, todos eles relacionados entre si: unha avaliación dos alumnos e do seu rendemento; unha avaliación do profesor e do seu rendemento e unha avaliación do que se podería chamar a mecánica didáctica.

A nota de cada alumno sairá da opinión do profesor sobre o seu rendemento. Por suposto que esa opinión terá que ser razoada e deberá estar fundamentada nos seguintes puntos:

- Resultados de probas escritas (mínimo: dúas por avaliación)
- Observacións e anotacións no diario de aula, referidas ó traballo que os alumnos presentan na súa actividade na clase. Valoraremos positivamente que o alumno realice os exercicios recomendados (non só a correcta realización dos mesmos, senón simplemente o feito de facelos).
- Tarefas, esporádicas ou habituais, susceptibles de ser cualificadas, que dependerán na súa conformación concreta da natureza do traballo que se estea elaborando na aula (redacción, resumes, esquemas, cuestionarios sobre vídeos, etc.).

En todas as avaliacións a **cualificación** será a nota media ponderada das cualificacións obtidas segundo as seguintes porcentaxes:

- . Observación directa 10%
- . Probas de control obxectivas 80%
- . Probas prácticas 10%

Nas probas de control obxectivas a porcentaxe divídese do seguinte xeito:

O 70% será a nota de coñecementos gramaticais.

O 30% será a nota de coñecementos de literatura, locucións e toponimia.

Para poder facer media débese acadar unha nota igual ou maior a 3,0 en cada un dos controis obxectivos.

A nota final calcularase coa media ponderada das notas das tres avaliacións, facendo a seguinte operación: a primeira multiplica por 1, a segunda multiplica por 2, a terceira multiplica por 3. O resultado final da suma dos tres produtos divídese entre 6, tendo en conta que nas avaliacións que foron recuperadas a cualificación que se considera para facer a media é de 5.

No caso de un alumno fose sorprendido copiando nalgún exame, será puntuada dita proba cunha nota de cero. Se hai evidencia de plaxio nun traballo, restaráselle un 80% da nota correspondente.

Para facer un redondeo da nota, procederase do seguinte xeito: o decimal asimilase ó enteiro superior, se o seu valor é de 0.75 ou superior; e ó anterior nos restantes casos.

Os alumnos que suspendan unha avaliación ou unha proba concreta poderán recuperala sempre que non sexa de gramática, pois neste caso aplicarase a avaliación continua. Para os outros contidos de literatura, toponimia e expresión latinas, realizarase unha proba obxectiva, pero tendo en conta que as probas recuperadas nunca van computar máis de 5 puntos.

Nos últimos días do curso, terá lugar unha proba final na que os alumnos terán a oportunidade de recuperar as avaliacións que non superaron ao longo do mesmo, tanto dos contados gramaticais como dos de cultura. No caso de superar dita proba, a cualificación final será de 5.

Non se repetirán exames noutras datas diferentes das marcadas, sexa cal sexa o motivo. A materia non feita entrará no seguinte exame.

Non se aceptará ningún traballo fóra de prazo. A nota dun traballo non presentado cualificarase con cero puntos.

En setembro, nos exames haberá unha parte de contidos gramaticais e outra de contidos culturais e a cualificación será a nota media ponderada das dúas partes, igual que na convocatoria de xuño. O criterio de redondeo será o mesmo que para a avaliación ordinaria.

#### **-Procedementos para a realización da avaliación inicial**

Na primeira semana de curso o profesor fará aos alumnos varias probas que despois serán corrixidas na clase par ver o nivel de cada alumno.

### **9. Criterios de avaliación**

- Ser capaz de identificar e analizar nos textos latinos orixinais os elementos da morfosintaxe e de comparalos cos das linguas coñecidas.
- Traducir á lingua galega e castelán textos latinos pertencentes a distintos xéneros literarios.
- Resumir, oralmente ou por escrito textos latinos orixinais de distintos xéneros literarios.
- Recoñecer a orixe latina e a evolución fonética, morfolóxica e semántica no léxico das linguas que fala e deducir regras básicas de derivación e composición.
- Identificar os aspectos fundamentais da historia de Roma e da presenza desta na Península Ibérica e constatar a súa pervivencia no mundo actual.
- Coñecer os distintos xéneros literarios latinos e establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.
- Realizar traballos sinxelos sobre as pegadas da romanización a partir do manexo de fontes diversas.

## **10. Actividades de recuperación para os pendentos**

A avaliación será continua. Non se prevén, pois, segmentacións da materia por períodos de avaliación nin o que se entende acotío por probas específicas de recuperación, entendendo por tales, exames destinados a "eliminar materia". O alumno que supere unha avaliación tamén terá superadas todas as precedentes. De forma parella o suspender a derradeira avaliación implica ter que enfrontarse na convocatoria extraordinaria á totalidade da materia traballada durante todo o curso.

A avaliación sobre o propio profesor que imparte a materia será continuada baseándose na autorreflexión sobre o seu proceder profesional e tamén puntual ó final do curso escoitando a voz dos alumnos e a súa opinión sobre o seu traballo.

A avaliación da mecánica didáctica abrangue varios aspectos: a adecuación dos obxectivos establecidos, a pertinencia da conformación temática elixida para acadar os mesmos, a cualidade das tarefas para os alumnos e, por último, os propios mecanismos avaliadores.

Para que as metas establecidas sexan as axeitadas hai que partir dunha correcta priorización, baseada na importancia da materia, na pertinencia e no grao de dificultade. Deberemos sopesar os recursos dispoñibles, a efectividade e por último a aceptación por parte do alumno (ningunha planificación ten éxito se o alumnado é pouco receptivo). Despois de todo isto, os obxectivos e as metas a alcanzar estarán ben definidas sen deixar de ser flexibles, pois, en ocasións, é necesario introducir algún cambio segundo a análise continua de calidade determine, en base ás actividades e recursos do momento.

Non hai alumnos con esta materia pendente.

## **11. Medidas de atención á diversidade**

Para practicar aqueles contidos nos que o alumno amose máis dificultade faranse as adaptacións que se requiran tanto nos conceptos coma nos procedementos, de xeito que se estimule satisfactoriamente o desenvolvemento das capacidades e actitudes de cada alumno.

Adaptarase o material didáctico e levaranse a cabo actividades de autoavaliación que lle permitan ao alumno unha valoración da súa situación.

Prepararanse exercicios especiais para cada alumno que o precise. No relativo á lingua pode darse o caso de que o alumno non domine as estruturas gramaticais dos seus idiomas maternos, nese caso haberá que proporcionarlle exercicios propios desas linguas antes de chegar ó latín. Ó alumnado máis avantaxado pode poden proporcionárselle exercicios de maior dificultade.

## **12. Programación da educación en valores.**

Seguindo o Decreto 86/015 do 25 de xuño este departamento traballará a través dos contidos de cada materia o reforzo dos hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o iniciativa emprendedora e a educación cívica e constitucional como xa quedou reflectido ao falar das competencias clave, do uso das TICS, do proxecto lector, etc... noutros puntos desta programación.

A materia de latín ofrece multitude de oportunidades para abordar a educación en valores, xa que por un lado a sociedade clásica foi a creadora de principios e valores que seguimos considerando modélicos como a democracia ou a liberdade e por outro lado presenta aspectos conflictivos como a escravitude, a discriminación sexual ou o totalitarismo de algunhas etapas que provocan o noso rexeitamento.

Este departamento, tomando como referencia os principios básicos da constitución vixente, propón traballar e incidir sobre os seguintes valores:

### **1. Valores de participación democráticos**

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global. Adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española, do Estatuto de autonomía de Galicia e polos dereitos humanos, que fomente a construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

### **2. Valores relativos aos dereitos fundamentais dos seres humanos**

- Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable, organizada e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico nos distintos ámbitos da súa vida. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real de xénero. Propulsar a non discriminación das persoas con discapacidade e en xeral de calquera tipo de discriminación por razóns de raza, sexo, clase social, crenzas, orixe, nacionalidade, lingua ou outras características individuais, sociais e culturais.

### **3. Valores relativos á igualdade dos sexos e á violencia de xénero.**

Este departamento considera que calquera tipo de violencia é reprobable e rexeitable. Sen embargo, a especial sensibilización que a nosa sociedade evidencia con respecto á violencia de xénero, fai que sexa necesario tratar este aspecto dun modo diferenciado. En todo momento insistírase no principio básico de igualdade entre home e muller, en tanto que detentadores duns mesmos dereitos e obrigas, aos que se debe dar unha mesma igualdade de oportunidades que de ningún modo deben quedar mediatizadas ou limitadas polo seu sexo. A este respecto, as sociedades do mundo antigo, especialmente a sociedade ateniense, pero tamén dende un punto de vista legal a romana, deben servir para contrastar a situación de inferioridade legal e real na que estivo a muller durante moito tempo, en contraste coa situación actual, na que, aínda con excepcións e necesidade de mellora, a muller xa ocupa unha situación de igualdade, polo menos legal, na nosa sociedade.

### **13. Actividades complementarias e extraescolares.**

A asistencia a unha obra de teatro en Lugo ou Ourense co gallo do Festival de Teatro Grecolatino organizado cada ano pola sección galega da **Sociedade Española de Estudios Clásicos** sería moi recomendable.

Debido ao estado da pandemia por Covid 19 é previsible que non poidamos facer saídas este curso.

#### **14. Accións previstas de acordo ao proxecto lector.**

- Lectura dos textos de autores latinos contidos no libro de texto e das lecturas que propoñemos no apartado 6 desta programación.

#### **15. Accións previstas de acordo ao plan de integración das TICS**

- Utilización de internet para consultar calquera asunto relativo ao mundo clásico:

\* Utilización do buscador: [argos.evansville.edu](http://argos.evansville.edu).

\* Utilización da páxinas: [www.perseus.tufts.edu](http://www.perseus.tufts.edu).

\* Utilización da páxina: [www.culturaclasica.com](http://www.culturaclasica.com).

\* Acceso a través de internet a museos virtuais.

#### **16. Accións de contribución ao plan de convivencia.**

- Manifestar entusiasmo pola materia e dar exemplo de dedicación e interese para favorecer a dedicación do alumnado ao estudo.

- Favorecer sesións de grupo para detectar os valores e normas relacionadas coa dedicación ao estudo e á educación.

- Crear un clima de confianza co alumnado, e transmitirle individualmente os valores básicos relacionado coa disciplina do Centro.

- Informar e solicitar colaboración á familia en relación cos problemas observados na aula

- Ensinar as normas de disciplina de maneira adecuada á capacidade e etapa evolutiva do alumnado.

- Explicar como as normas son necesarias para a boa marcha da clase.

- Propiciar a participación do alumnado na procura de solucións aos problemas disruptivos que presente na aula.

- Analizar a efectividade das medidas utilizadas a curto e a longo prazo.

## **17. Procedementos para avaliar a propia programación.**

A avaliación da programación realizarase do seguinte xeito:

- Mensualmente, nas reunións de departamentos, farase un seguimento da programación das distintas materias valorando os obxectivos acadados, a correcta secuenciación e temporalización da materia, realizando, sempre que sexa necesario e se estime oportuno, as medidas correctoras precisas. Sempre se terán en conta as características e dificultades do alumnado e do grupo en conxunto.
- Ao rematar cada avaliación farase un análise dos resultados acadados nos distintos grupos e, se fose preciso, revisaranse e modificaranse aspectos da programación que se crea que poden mellorar ditos resultados.
- Ao final do curso, cada profesor realizará un informe que recolla o grao de cumprimento dos obxectivos de cada materia, os contidos que non se puideron expoñer, as dificultades atopadas no desenvolvemento da programación, as medidas correctoras introducidas ao longo do curso e as modificacións que se deberían facer na programación para a súa mellora no seguinte curso.

Os procedementos que servirán para avaliar a propia programación relacionaranse directamente cos obxectivos acadados, polo que estaremos avaliando, dalgún xeito, o grao de éxito conseguido. Para que a programación exposta alcance o seu fin, os obxectivos planificados en cada un dos cursos deben estar conectados cos contidos presentados, que ó mesmo tempo haberán de manifestar unha secuenciación correcta coa intención de lograr a aprendizaxe significativa, evolucionando a partir dos coñecementos que os alumnos xa posúen e valorando positivamente o seu esforzo e entendendo os erros coma un sistema de aprendizaxe.

Neste senso, os contidos traballarán en función da súa natureza cos procedementos adecuados, procurando atenderlos coa metodoloxía pertinente en función das circunstancias e das características do alumnado, de onde se deriva que nos centramos na diversidade dos rapaces. Así mesmo, os obxectivos, conceptos e procedementos poñeránse en común coas actitudes e temas transversais, tentando aplicar os coñecementos adquiridos á vida cotiá e á



realización do alumno en canto persoa. As actividades propostas buscarán combinar o ensino e a aprendizaxe co didactismo, de modo que se reservarán para o final de cada avaliación aqueles exercicios máis fáciles.

A proba obxectiva non debería ser outra cousa que un trámite no que se poñen en funcionamento as destrezas e saberes impartidos, mais a experiencia demostra que en ocasións non se obteñen os resultados agardados, e á inversa. Nos casos de dificultade, o profesor habilitará as horas de recreo para que os rapaces que presenten dificultades aclaren as dúbidas que consideren pertinentes e realicen actividades de reforzo. A actitude e disposición dos alumnos axudaranos a descubrir se os obxectivos e contidos acometidos chegan a bo porto.

De todos os xeitos, existen outros factores que nos axudarán a obter unha valoración da nosa programación, ademais das meras cualificacións obtidas polos rapaces e a comprensión por parte do alumnado dos aspectos explicados en clase, tales coma a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Por outra banda, ó final de curso o profesor ofreceralles ós alumnos unha enquisa anónima e de carácter informativo, a partir da cal obteremos maior información para valorar o traballo realizado durante o curso escolar.



<b>18. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 2º Bacharelato</b>	
Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas.	Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.
Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.	Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.
Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.	Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.
Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución coa axuda do dicionario.
Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.	Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.
Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.
Recoñecer os topónimos de orixe latino que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	Identifica a etimoloxía e coñece o significado de topónimos en galego e en castelán.

**19.- Ensino semipresencial e/ou non presencial.**

Ao abeiro do establecido no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, no caso de suspensión da actividade lectiva parcial ou total faremos uso da aula virtual do IES, así como do correo corporativo e as aplicacións e plataformas necesarias para levar a cabo un desenvolvemento o máis activo posible da materia.

Establecerase un horario fixo de atención ao alumnado, aínda que será prioritario o establecido polo propio centro.

Para a entrega de tarefas e probas na rede, non serán admitidas fóra de prazo e polo tanto serán puntuadas coa cualificación de 0.

No caso de haber un evidente plaxio, o alumno será proposto para a realización dunha proba obxectiva nun horario concreto, que demostre a autoría propia e o grao de asimilación dos coñecementos previstos para dita proba ou tarefa.